

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 6 de abril de 2009

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D^a Elena Maure Noia

Invitados:

D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos do día seis de abril de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(450).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas da sesión ordinaria do 23 de marzo, da extraordinaria e da extraordinaria e urxente do 24 de marzo de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(451).- PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN DE BANDAS POPULARES DE VIGO PARA OS PROGRAMAS DE 2009 “VIGO, UN MAR DE BANDAS”. E “AULAS DE MÚSICA NAS BANDAS”. EXPTE. 3025/335.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 25.02.09, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de 14 de abril de 2008, acordou aprobar o Convenio de colaboración coa Federación de Bandas Populares de Vigo que ten por obxectivo os programas “Vigo, un mar de bandas” e Aulas de música nas bandas”.

O convenio de colaboración asinado o ano pasado, en data 15 de abril, establece na súa cláusula décimo terceira unha vixencia anual desde a data da súa sinatura e a posibilidade de prorrogar esta vixencia por períodos anuais.

A tal fin, con data 25 de febreiro de 2009, o concelleiro da área de Cultura e Animación sociocultural resolveu que se iniciase o expediente para a prórroga do convenio de colaboración de cara ós programas para o ano 2009.

O obxecto deste convenio é formalizar o apoio, a potenciación e a promoción por parte do Concello de Vigo das nove bandas populares de música do termo municipal agrupadas na Federación de Bandas, a través da programación de ciclos de concertos e actuacións durante todo o ano polos barrios e centro da cidade, dentro do programa “Vigo, un mar de bandas”, e do desenvolvemento do programa de formación continua para músicos, a través do programa “Aulas de música nas bandas”.

Con relación ó programa “Vigo, un mar de bandas”, establécense en total cento e dezasete actuacións, trece para cada unha das nove bandas asinantes, sendo unha delas de carácter gratuíto. O importe por actuación e banda fixouse por parte da Federación de Bandas nas contías que figuran na proposta económica que consta no expediente, sendo que o importe total das 117 actuacións ascende a 127.524 euros. O Concello entregará ademais unha contía de 976 euros, a favor da citada Federación, en concepto da planificación de actividades complementarias e da coordinación das actuacións recollidas no convenio; e de 42.000 euros para o desenvolvemento do programa de formación continua para músicos por parte das bandas “Aulas de música nas bandas”.

O importe total do convenio ascende a 170.500,00 euros, con cargo á partida 4512.489.0002 (Convenio Federación de bandas música) do programa orzamentario de Animación sociocultural para o vixente exercicio. Este importe aboarase á Federación de Bandas de Música populares de Vigo do seguinte xeito:

- Un primeiro pagamento na primeira quincena de maio, por importe de 75.000,00 euros, que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral.*
- Un segundo pagamento na primeira quincena de setembro, por importe de 70.000,00 euros, que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral.*
- Un terceiro e último pagamento na primeira quincena de decembro, por importe de 25.500,00 euros, que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral. A Federación deberá presentar ademais un informe final relativo ó desenvolvemento do*

programa “Vigo, un mar de bandas” así como memoria das actividades correspondentes ó programa “Aulas de música nas bandas”.

A Federación deberá incorporar ás anteditas solicitudes todas as certificacións de actuacións realizadas polas bandas durante ese período, e os pagamentos tramitaranse previa certificación do xefe do servizo de Animación sociocultural, na que especifique que procede por cumprirse o clausulado do convenio.

Cómpre salientar, a diferenza do que ocorrera nos anos anteriores, que o ano pasado se refundiron os dous programas (“Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de música nas bandas”) nun único convenio, feito que se repite este ano.

A exclusividade dos programas considérase acreditada nos proxectos presentados pola antedita Federación, así como o seu interese público e social. Trátase polo tanto dunha subvención directa, segundo o previsto no artigo 22.2.c da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións; desta maneira, o réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003 e o seu regulamento de desenvolvemento.

Dado o carácter cultural, cívico e social, responde ademais ó previsto no artigo 88 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e forma parte das competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e ós municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Á vista do exposto, previo o informe da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro de Animación sociocultural, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA.

1º.- Que se prorrogue o convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Federación de Bandas de música populares de Vigo (CIF G-36.855.906) para a organización dos programas “Vigo, un mar de bandas” e “Aulas de música nas bandas” para o ano 2009.

2º.- Que se autorice un gasto por un importe de 170.500,00 euros a favor da Federación de Bandas de música populares de Vigo, en concepto do estipulado no convenio, con cargo á partida 4512.489.0002 (Convenio Federación bandas de música) do programa orzamentario de Animación sociocultural para o vixente exercicio.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(452).- PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA 2009 “VIGO, UN MAR DE CORAIS”. EXPTE. 3026/335.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 25.02.09, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de 7 de abril de 2008, acordou aprobar o Convenio de colaboración coa Asociación de Corais polifónicas de Vigo que ten por obxectivo a organización do programa “Vigo, un mar de corais”.

O convenio de colaboración asinado o ano pasado, en data 15 de abril, establece na súa cláusula décimo primeira unha vixencia anual desde a data da súa sinatura e a posibilidade de prorrogar esta vixencia por períodos anuais.

A tal fin, con data 25 de febreiro de 2009, o concelleiro da área de Cultura e Animación sociocultural resolveu que se iniciase o expediente para a prórroga do convenio de colaboración de cara a organización do programa para o ano 2009.

A ACOPOVI aglutina e representa a un total de trinta e dúas masas corais polifónicas que pertencen a distintas entidades veciñais ou culturais de Vigo, e que realizarán un total de 96 actuacións. Cada coral realizará tres actuacións no período obxecto deste convenio, unha delas de carácter gratuíto no lugar, día e hora que determine a Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia.

A presente axuda acóllese ó réxime excepcional de concesión directa, conforme ó artigo 22.2 da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da ACOPOVI no vixente orzamento.

Dado o carácter cultural, cívico e social, responde ademais ó previsto no artigo 88 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e forma parte das competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e ós municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O importe total deste convenio, de carácter anual, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a 25.000,00 (vinte e cinco mil) euros, con cargo á partida presupostaria 4512.489.0003 (Convenio Acopovi) do programa orzamentario de Animación sociocultural para o exercicio 2008.

Á vista do exposto, previo o informe da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro de Animación sociocultural, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA.

1º.- Que se prorrogue o convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (CIF G-36.980.928) para a organización do programa “Vigo, un mar de corais” para o ano 2009.

2º.- Que se autorice un gasto por un importe de 25.000,00 euros a favor da Asociación de Corais Polifónicas de Vigo, en concepto do estipulado no convenio, con cargo á partida 4512.489.0003 (Convenio Acopovi) do programa orzamentario de Animación sociocultural para o vixente exercicio.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(453).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE AXUDA CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE TRABALLO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E BUSCA DE EMPREGO. EXPTE. 5829/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-propposta do xefe de Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 1.04.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

A Xunta de Goberno Local de 9 de febreiro de 2009, aprobou a presentación da solicitude de axuda para a contratación de técnicos de orientación laboral e persoal de apoio administrativo á consellería de Traballo da Xunta de Galicia en base ao establecido na Orde de 30 dedecembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego.

Con data 31 de marzo de 2009 a xefatura de servizo de orientación laboral, remite a Resolución asinada polo Director Xeral de Formación e Colocación na que se aproba o expediente nº TR331A 2009/104-0, na que unha vez avaliada a solicitude presentada, resolve conceder unha subvención para contratar 5 técnicos de orientación e 1 auxiliar administrativo, cos importes seguintes:

- 109.311,84 € correspondente ao ano 2009.
- 49.474,85 € correspondente ao ano 2010.

Polo anteriormente exposto PROPOÑO a Xunta de Goberno Local a adopción do do seguinte acordo:

- 1. Aceptar a subvención concedida na resolución do Director Xeral de Formación e Colocación de data 26 de marzo de 2009, cofinanciado o 80 % con cargo ao Fondo Social Europeo e o 20% restante con cargo ao Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, por un importe de 109.311,84 € correspondente ao ano 2009 e 49.474,84 € para o ano 2010.*
- 2. Que por parte do servizo de Promoción Económica e Emprego, se proceda a xestionar a subvención concedida cara a posta en funcionamento do servizo de orientación laboral, adecuando os contidos na memoria presentada á subvención aprobada.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(454).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 21/1555, 22/2244.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes da traballadora social responsable do Programa, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder o Servizo de Centro de Día para persoas maiores a:

- D. Luciano Mouriño Pereira. Expte. 2244/22.
- D^a. Encarnación Area Alonso. Expte. 1555/21.

6(455).- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN DO PERSOAL LABORAL-TEMPORAL POLO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DA SUBVENCIÓN DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN XUNTA DE GALICIA-CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2009. EXPTE. 5673/2009.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, do 27.03.09, conformado polo xefe do Servizo de Emprego e polo concelleiro de Emprego, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o seguinte procedemento de selección dos/as traballadores/as para contratar no marco dos Programas de Cooperación para o ano 2009.

1º.- Realización de oferta xenérica ao Servizo Público de Emprego, dacordo co art. 12º da orde do 29 de decembro do 2008, da Consellería de Traballo.

Con carácter xeral, o persoal traballador que fora contratado no marco desta subvención, por un período superior a nove meses nos últimos tres anos, non poderá participar neste proceso de selección, (art. 12, aptdo. 1, da dita orde do 29.12.2008, da Consellería de Traballo).

Asimesmo aquelas persoas candidatas que xá desenvolvéran esta actividade no Concello de Vigo dende o ano 2007, poderán non ser seleccionadas en virtude do establecido no RD Lei 5/2006, de 9 de xuño, modificando o art 15 do Estatuto, en canto ás limitacións temporais que se recollen para a contratación laboral-temporal.

2º.- Comisión de Selección:

O órgano de selección terá carácter colexiado, actuando tódolos membros con voz e voto, a excepción do secretario/a, e comparecerán a título individual en cumprimento do art. 60, da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Poderán nomear asesores especialistas na materia, que comparecerán a título individual.

Composición:

**O Xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo.*

**Un funcionaria/o do Concello de Vigo ou dos seus organismos autónomos que actuará como Secretario/a, preferentemente con habilitación de carácter estatal ou no seu defecto por un funcionario pertencente á escala técnica de administración xeral, encadrado na rama xurídica, en aplicación do disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, em relación co artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.*

**O Xefe/a do Servizo municipal encargado da execución de cada memoria.*

**Dous funcionarios/as, ou Laborales fixas/os, do Concello de Vigo, ou dos seus organismos autónomos e con titulación igual ou superior a do posto ofertado.*

Tódolos membros da Comisión de Selección serán nomeados polo Concelleiro de Desenvolvemento Local e Emprego, cos titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior a do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Estatuto Básico do Empregado Público.

O Órgano de Selección contará coa asistencia técnica-administrativa e asesoramento, da Técnica de Organización e X. de Recursos Humanos, adscrita ó Servizo de Emprego.

O órgano de selección deberá respetar obrigatoriamente o disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto a súa composición e funcionamento así coma calquela outra normativa legal vixente de aplicación.

Da valoración que a Comisión de Selección realice dos/as candidatos/as enviados/as, e tras as probas que se estime oportuno realizar (probas específicas, entrevista persoal, etc), emitirase Acta co listado definitivo do persoal que se contratará para cada un dos proxectos, así como os/as suplentes para cada posto.

3º.- Valoración:

Para esta valoración, e tendo en conta os obxectivos do Plan municipal de emprego 2008-2011 onde se especifican cales son os seus colectivos prioritarios (mozos/as, parados/as de longa duración, maiores de 45 anos, mulleres, persoas vítimas de violencia doméstica e discapacitados/as), así coma as preferencias e criterios establecidos na Orde da Consellería de Traballo, así como a duración destes contratos que coma en anos anteriores ven sendo de entre 3, 6 e 12 meses, en todo caso, sempre condicionada a que figure na subvención que se reciba, puntuarásese:

Idade:

De 18 a 30 anos	0,5 puntos
De 45 a 65 anos	0,5 puntos

Desemprego de longa duración:

0,5 puntos por un ano ou máis en desemprego, segundo vida laboral, contado o tempo en desemprego a partir do último contrato de traballo cunha duración de cinco meses ou máis (a tempo completo ou a parte proporcional se é a tempo parcial).

Muller:

0,7 puntos no caso de ser muller desempregada.

Persoas vítimas de violencia doméstica, que así o acrediten:

1 puntos.

Discapacitados/as, cunha minusvalía igual ou superior ao 33% e debidamente acreditada mediante o certificado correspondente:

0,5 puntos, sempre que a súa discapacidade non sexa incompatible co desempeño do traballo.

As probas específicas e/ou entrevista persoal, de realizarse, (cando así o acorde a Comisión de Selección e porque así o requira aqueles postos de traballo que teñan unha especial cualificación), puntuarásese ata un máximo de 5 puntos.

Ademais, para todos os postos excepto para os peóns (que se seleccionarán segundo as condicións de ocupabilidade anteriores por ser postos que non necesitan cualificación), teranse en conta os seguintes criterios:

- Formación complementaria adecuada as funcións e tarefas de cada posto de traballo, puntuarase ata un máximo de 3 puntos (inclúense neste apartado os cursos de galego e as súas validacións segundo a Orde do 1 de abril de 2005).

<i>Horas lectivas</i>	<i>Puntuación</i>
<i>De 20 a 49</i>	<i>0.1</i>
<i>De 50 a 99</i>	<i>0.2</i>
<i>De 100 a 199</i>	<i>0.3</i>
<i>De 200 a 299</i>	<i>0.4</i>
<i>300 ou máis</i>	<i>0.5</i>

- Experiencia profesional Adecuada ao posto de traballo, preferentemente, sempre dentro do mesmo grupo de cotización, puntuarase ata un máximo de 3 puntos (0,1 por mes traballado).

Outros méritos (publicacións, relatorios, outras titulacións relacionadas, posgraos...), valoraranse ata un máximo de 1 punto.

4º.- Modalidade e duración da contratación.- A modalidade de contratación será de duración determinada de interese social, dacordo co artigo 13º, da orde do 29.12.2008, da Consellería de Traballo e coa indicación de programas de Cooperación Xunta de Galicia-Entidades Locales, e en relación coa duración que depende da vindeira resolución aprobatoria da Consellería de Traballo, terase en conta sempre ó disposto no artigo 15.5 do Real Decreto-Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores, en nova redacción dada polo Real Decreto –Lei 5/2006, de 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego, (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño do 2006), en canto a prohibición legal do encadenamento de contratos laborais temporais.

- O nivel retributivo será o contemplado no Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2009-2011.

5º.- Incesantes reclamacións en sede xurisdiccional laboral, por parte de persoal laboral temporal. Informes Xurídicos emitidos pola Xefatura do Servizo de Recursos Humanos e Intervención de Fondos.- Unha vez efectuada a selección das traballadoras/es, procederase a súa contratación polo servizo de Recursos Humanos, tendo en conta que, en todo caso, que os contratos deberán formalizarse dentro do exercicio 2009, nos termos expresados na resolución da concesión e tendo en conta os contidos dos informes emitidos pola Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, mailo emitido pola Interventor Xeral, adxuntos ó expediente, a vista da incesante sucesión de reclamacións en sede xurisdiccional laboral relativas ao exercicio de pretensións declarativas de indefinición e/ou de equiparación salarial ao persoal do Concello de Vigo por parte de persoal laboral temporal contratado ao abeiro dos Plans de Emprego ou plans de cooperación e/ou outras contratacións subvencionadas ou nón, xestionados polo Concello de Vigo.

7(456).- CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA, ANO 2009. EXPTE. 10451/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Educación, do 1.04.09, conformado pola concelleira delegada de Educación, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar as “Bases e convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa (PILI). Convocatoria 2009”, de acordo co texto que de seguido se transcribe.

Primeiro.- Obxecto

A presente convocatoria ten como obxecto regular o procedemento para a selección e adxudicación dun máximo de 125 prazas en réxime de concorrencia competitiva, entre o alumnado do 3.º curso de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) de centros docentes públicos do Concello de Vigo para o curso 2008/2009, a fin de que participen no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (PILI) 2009, que se enmarca dentro do programa educativo municipal Aulas Internacionais.

A finalidade do programa PILI é mellorar a competencia e capacitación en lingua inglesa fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

Cada unha das prazas inclúe os seguintes conceptos:

- Estadía durante tres semanas no Reino Unido e/ou Irlanda.*
- Gastos da viaxe de ida e volta dende Vigo ata o destino asignado en Irlanda ou Reino Unido, onde se desenvolverá o programa.*
- Monitores trilingües (inglés, castelán, galego) que acompañarán ao alumnado dende o momento da saída e ata o regreso, nunha proporción mínima de dous monitores por cada 25 alumnos participantes (un monitor de 1 a 12 e dous monitores de 13 a 25).*
- Matrícula do curso de inmersión en lingua inglesa cun programa de clases de polo menos 20 horas semanais en réxime de inmersión lingüística e programa de integración en escolas públicas ou privadas do Reino Unido e/ou Irlanda.*
- Materiais informativos, auxiliares e didácticos adaptados aos contidos do programa.*
- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.*
- Actividades de lecer, culturais e deportivas extracurriculares.*
- Aloxamento en casa de familias anfitrías de fala inglesa.*
- Manutención en réxime de pensión completa os sete días da semana.*
- Gastos de transporte urbano ao centro escolar onde se impartirá o programa de inmersión lingüística.*
- Seguro de accidentes e de responsabilidade civil.*

Segundo.- Contía

A participación no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa implica a total gratuidade para o alumnado beneficiario do mesmo.

A contía máxima de cada praza é de 2.400,01 euros, que abarcará na súa totalidade o financiamento do programa educativo municipal PILI 2009, que promove o Servizo de Educación do Concello de Vigo e que será adxudicado a unha empresa especializada na prestación de programas de inmersión lingüística, mediante o concurso público convocado ao efecto.

O importe total destinado a financiar as prazas ás que se refire a presente convocatoria ascende a 300.001,25 euros, con cargo á partida orzamentaria 442.0.227.06.17 de Aulas Internacionais.

Terceiro.- Programa xeral programa PILI 2009

Os contidos do programa de inmersión en lingua inglesa PILI 2009 atópanse a disposición dos interesados na páxina web do programa <http://www.pilivigo.org>. Os contidos mínimos son os que se expoñen de seguido e os definitivos serán os que veñan recollidos no programa de inmersión lingüística proposto pola empresa adxudicataria do programa PILI 2009.

1. Adxudicatarios e requisitos

Os adxudicatarios da presente convocatoria serán os alumnos e alumnas, españois ou estranxeiros con tarxeta de residencia ou de estancia por estudos en vigor, de institutos públicos do Concello de Vigo que cumpran os requisitos que a continuación se sinalan:

- a) Estar a cursar 3.º da ESO nun instituto público de Educación Secundaria do Concello de Vigo durante o curso académico 2008/2009.
- b) Ter aprobadas todas as materias de 2.º de ESO no curso 2007/2008.
- c) Ter obtido como mínimo unha nota de 6 na materia de Lingua inglesa nas cualificacións finais de 2.º de ESO.
- d) Estar empadroado no Concello de Vigo durante o curso 2008/2009, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.
- e) Non ter sido beneficiario do programa PILI 2008, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.
- f) Ter DNI, permiso de residencia ou pasaporte en vigor cunha vixencia mínima de 6 meses.

Deberán solicitar as prazas os representantes legais (pai, nai ou titor/a legal) dos alumnos e alumnas.

As prazas serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, e as restantes solicitudes serán incluídas nunha lista de agarda en función da puntuación obtida.

2. Número de prazas e destinos

O programa consta dun máximo de 125 prazas, en grupos de 25 participantes que se asignarán a como mínimo cinco destinos e cinco centros educativos de integración diferentes no Reino Unido e Irlanda. O Servizo Municipal de Educación reserva para si o dereito de adxudicar destino aos participantes seleccionados atendendo, na medida do posible, ás preferencias indicadas e a cuestións internas de índole organizativa.

3. Duración da estadía

O programa, de tres semanas de duración, comezará na primeira quincena de setembro de 2009 e a data de finalización será como máximo a primeira semana de outubro. Con todo, o calendario definitivo comunicarse aos adxudicatarios nas reunións de orientación que para tal fin organizará o Servizo de Educación do Concello de Vigo.

4. Programa lectivo

O programa componse de estadias dos participantes durante tres semanas no Reino Unido ou Irlanda, nas que se combinarán as seguintes actividades lectivas:

Na primeira semana impartirase un curso intensivo de inglés na localidade de destino para a adaptación e o perfeccionamento lingüístico do alumnado participante.

Na segunda e na terceira semanas terá lugar a inmersión lingüística mediante a integración do alumnado participante en institutos ou escolas públicas ou privadas do Reino Unido e Irlanda, de nivel educativo equivalente á ESO española. Os centros escolares estarán autorizados e recoñecidos polos organismos competentes de cada país e contarán con profesorado nativo, titulado e especializado no ensino do idioma; así mesmo, estarán dotados de recursos audiovisuais e informáticos que favorezan a aprendizaxe e facilitarán o acceso do alumnado a estas instalacións. Asignarase un máximo de 25 alumnos/as participantes en cada centro, distribuídos en distintos grupos-aula e agrupados seguindo criterios como nivel de coñecemento do idioma e idade.

Durante as dúas últimas semanas reservarase ademais unha hora diaria do horario de integración para a continuidade do curso intensivo de inglés iniciado na primeira semana. Esta hora impartirase nas mesmas dependencias do centro escolar ordinario no que o alumnado estea integrado.

Realizarase un seguimento individual e un control de asistencia do alumnado con informe final do seu rendemento. O centro de integración expedirá, ao remate da estadia do alumnado, unha certificación na que constará a relación nominal dos estudantes participantes no programa PILI 2009 que estiveron integrados neste.

5. Programa de actividades extraescolares e de lecer

O programa lectivo complementarase con actividades de lecer (lúdicas, culturais e deportivas) fóra do horario lectivo e durante a tarde, todos os días da semana, agás o domingo, que poderá reservarse para a interacción entre o alumnado participante e as familias. Estas actividades de lecer e extraescolares desenvolveranse en inglés e guiadas por persoal especializado con coñecementos culturais adaptados a este tipo de actividades.

6. Viaxe e desprazamentos

O aeroporto de saída será prioritariamente o de Vigo. No caso de que o aeroporto de saída fose outro (que non poderá estar a máis de 200 kilómetros de Vigo), a empresa adxudicataria do desenvolvemento do programa PILI trasladará o alumnado a este aeroporto desde os puntos que se determinen desde o Servizo de Educación.

7. Información e asistencia a participantes e familias

Realizarase coas familias unha xuntanza informativa nas dependencias do Servizo de Educación, polo menos unha semana antes do inicio da viaxe. Asemade, antes e durante a viaxe, as familias terán á súa disposición asistencia telefónica e mediante correo electrónico, e poderán acceder a todos os datos relevantes do programa que lles afecten. Así mesmo, e para calquera consulta, os interesados poderán remitirse á oficina do programa PILI do Servizo de Educación, ben no enderezo rúa Oporto n.º1, baixo (36201 Vigo), nos teléfonos 986 44 74 00 e 986 44 93 62, mediante o fax 986 44 93 79, ou a través do correo electrónico pili@vigo.org.

Cuarto.- Publicidade e prazo

A publicación da presente convocatoria, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local, realizarase a través da páxina web do programa <http://www.pilivigo.org> e mediante anuncios na web municipal, nos taboleiros de Concello e dos institutos públicos de Educación Secundaria e igualmente a través dos medios de comunicación locais.

A resolución e a finalidade das prazas, con expresión dos datos identificativos do alumnado, números de expediente, institutos de procedencia e a resolución atribuída (adxudicada, denegada ou lista de agarda), será publicada na páxina web específica do programa <http://www.pilivigo.org> e no taboleiro municipal. Nesta páxina web atoparase a disposición dos interesados toda a información complementaria que poidan necesitar para a presentación das solicitudes.

O prazo para a presentación das solicitudes será do 21 de abril ao 12 de maio, ambos inclusive. A resolución provisional da convocatoria publicarase a máis tardar o 27 de maio. A partir da data de notificación da concesión das prazas haberá un prazo de 5 días hábiles para presentar por escrito a aceptación ou a renuncia da praza concedida segundo o modelo do Anexo III.

Quinto.- Solicitudes e documentación

Solicitudes:

Os alumnos e alumnas que desexen optar a participar no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa poderán recoller o modelo de solicitude (Anexo I) e demais formularios (Anexos II e III) no Servizo de Educación do Concello de Vigo, sito na rúa Oporto n.º1, baixo, ou ben descargalos da páxina web <http://www.pilivigo.org/>.

A solicitude deberá ser asinada polo solicitante (pai, nai ou titor/a legal) e polo/a alumno/a.

Posteriormente, e sempre antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes, deberán entregar a antedita solicitude e demais anexos debidamente cubertos, xunto coa documentación requirida, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Praza do Rei s/n) ou ben por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 de 13 de xaneiro.

No caso de que a solicitude sexa enviada por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario da oficina de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder á súa certificación postal. Así mesmo, o/a solicitante fará chegar mediante fax á oficina do programa PILI (986.449.379) xustificante do envío postal.

A presentación da solicitude desta praza levará implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e da súa publicación na páxina web do Servizo de Educación así como nos taboleiros de anuncios do Concello e dos institutos públicos de Educación Secundaria.

Documentación:

- a) Solicitude da praza debidamente cuberta e asinada polo solicitante, segundo modelo que figura no Anexo I.*
- b) Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte en vigor do/a alumno/a adxudicatario/a en vigor (mínimo por 6 meses). No caso de alumnado estranxeiro, deberán presentar fotocopia*

compulsada da tarxeta de residencia ou de estancia por estudos e o pasaporte en vigor (mínimo por 6 meses).

- c) Certificación académica orixinal emitida pola Secretaría do centro con mención específica da nota na materia de Lingua inglesa nas cualificacións finais de 2.º de ESO, que deberá ser como mínimo dun 6, e de ter aprobadas todas as materias de 2.º de ESO.*
- d) Certificación académica orixinal emitida pola Secretaría do centro de estar matriculado en 3.º de ESO nun centro público no curso 2008/2009.*
- e) Autorización asinada polo pai, nai ou titor legal, segundo o modelo que figura no Anexo II.*
- f) Fotocopia compulsada do DNI do solicitante (pai, nai ou titor legal) que asina a autorización do Anexo II.*
- g) Fotocopia compulsada do libro de familia ou documentación acreditativa da titoría legal e, de ser o caso, acreditar outras circunstancias familiares especiais co achegamento do título de familia numerosa.*
- h) No caso de que o participante precise de atencións médicas especiais (por mor de alerxias, discapacidades, intolerancias, etc.), deberá presentar un certificado médico orixinal que así o acredite.*

Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificadas documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria nin os que conteñan emendas.

Sexto.- Tramitación e reparación de erros

A instrución do procedemento de adxudicación das prazas convocadas corresponde ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixidos e a documentación acreditativa destes e requirirá, de ser o caso, ao solicitante para que repare os erros advertidos de acordo co establecido no artigo 71.1 da Lei 30/1992 para que no prazo de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos requiridos, e se lle informará de que, no caso de non o facer, entenderase que desistiu da súa petición e archivarase o expediente nos termos previstos na citada lei.

Sétimo.- Criterios de valoración

A selección das solicitudes determinarase mediante tres criterios:

- a) O correcto cumprimento dos requisitos esixidos nas presentes bases.*
- b) A puntuación obtida na nota final da materia de Lingua inglesa segundo o seguinte baremo:*
 - Nota final: 6 → 1 punto*
 - Nota final: 7 → 2 puntos*
 - Nota final: 8 → 3 puntos*
 - Nota final: 9 → 4 puntos*
 - Nota final: 10 → 5 puntos*

c) *A existencia de circunstancias familiares especiais, considerando como tal a condición de familia numerosa, de conformidade co disposto no Real Decreto 1621/2005, de desenvolvemento da Lei 40/2003, de protección das familias numerosas, á que se aplicará o seguinte baremo:*

- *Categoría xeral → 1 punto*
- *Categoría especial → 2 puntos*

No caso de se producir empates na puntuación final, estes resolveranse mediante un sorteo en acto público no que se extraerán dúas letras. O/a primeiro/a solicitante seleccionado será aquel cuxo primeiro apelido comece polas dúas letras extraídas, pola orde de extracción. Non se terán en conta artigos ou preposicións que acompañen aos apelidos. De non existir un solicitante cuxo primeiro apelido comece polas dúas letras extraídas, o primeiro solicitante seleccionado será aquel cuxo primeiro apelido sexa o inmediato posterior de acordo coa orde alfabética. En caso de empate darase preferencia ao solicitante de máis idade.

Para o caso de que haxa prazas vacantes por renuncia, estas serán ofertadas ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de lista de agarda.

Oitavo.- Comisión de valoración

A Comisión de valoración estará integrada pola Concelleira Delegada do Servizo de Educación, que actuará de presidenta, o xefe de servizo e o técnico responsable do programa, que actuará como secretario. Este órgano colegiado emitirá unha proposta de resolución na que se concretará o resultado da convocatoria de prazas para a participación no PILI 2009.

A presidenta poderá decidir que asista a esta comisión calquera outro asesor técnico ou profesional cualificado/a do mundo da ensinanza da lingua estranxeira, que actuará con voz pero sen voto.

Noveno.- Concesión e resolución das prazas

Unha vez avaliadas as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan no punto sétimo, o Servizo municipal de Educación, conforme aos informes da Comisión de valoración, elevará a Xunta de Goberno Local unha proposta de resolución que incluíra unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria con nome e apelidos, puntuación obtida, número de expediente, instituto de procedencia e resolución das prazas, indicando o estado de adxudicada, lista de agarda ou denegada, con indicación do motivo ou motivos polos que se denega. Así mesmo, fará constar expresamente que da información que obra no seu poder despréndese que os adxudicatarios cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás prazas. Esta relación exporase na web <http://www.pilivigo.org/>, no taboleiro de anuncios do Servizo de Educación e nos taboleiros de anuncios dos institutos públicos de Educación Secundaria de Vigo.

O prazo de resolución e notificación das prazas non excederá de 15 días hábiles contados dende o remate do prazo de presentación de solicitudes.

A adxudicación definitiva das prazas para a participación estará condicionada pola resolución favorable do concurso público convocado para contratar á empresa adxudicataria do desenvolvemento do programa.

Décimo.- Aceptacións e renuncias

Os alumnos e alumnas que resulten adxudicatarios das prazas para participar no programa PILI 2009 deberán presentar asinada no Servizo de Educación do Concello de Vigo, sito na rúa Oporto n.º1, baixo, unha aceptación expresa segundo o modelo que figura no Anexo III nun prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da notificación da concesión da praza.

Décimo primeiro.- Expulsión do programa

Poderán ser causas para a expulsión dun alumno do programa as faltas de disciplina, o reiterado mal comportamento e o incumprimento das normas de disciplina establecidas.

Serán motivos de expulsión inmediata os seguintes:

- O incumprimento das leis do país en que se desenvolve o programa.*
- O consumo de alcohol se non se ten a idade legal para facelo no país onde se desenvolve o programa.*
- O consumo ou a posesión de drogas.*
- Aqueles outros motivos que se recollan no regulamento de réxime interno do programa.*

No caso de expulsión, o expulsado deberá facerse cargo dos gastos ocasionados polo seu regreso anticipado.

Décimo segundo.- Reclamacións

Fronte a esta convocatoria e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución cabe interpoñer, no prazo dun mes, dende o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, recurso potestativo de reposición perante o órgano que as ditou, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

Décimo terceiro.- Disposición adicional

As persoas solicitantes, tal como ven recollido no Anexo I, autorizan expresamente ao Servizo de Educación a inclusión e publicidade nos rexistros municipais dos datos básicos relevantes referidos ás prazas concedidas.

Segundo os principios de transparencia e de boas prácticas nas administracións públicas, a Concellería de Educación publicará na súa páxina web oficial a relación dos adxudicatarios, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos adxudicatarios e da súa publicación na citada páxina web.

A reserva que o/a solicitante faga no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que expresarse por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a praza ou, no seu caso, á revogación do acto de concesión.

Décimo cuarto.- Disposición final

En todo aquilo non contemplado na presente convocatoria, será de aplicación o regulamento de réxime interno que será establecido polo Concello de Vigo.

8(457).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A DRAGADOS S.A. POR RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA POR OBRA NA RÚA ARAGÓN, 82. EXPTE. 75493/210.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Transporte, do 13.03.09, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, que di o seguinte:

En data 15 de decembro de 2005, por parte de DRAGADOS, S.A., CIF A-15139314, constitúíuse un aval para responder dos posibles danos que poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa ARAGON, 82 (exp 71736/210).

Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra DRAGADOS, S.A., en data 30 de setembro de 2008 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 27 de xaneiro de 2009, o inspector de Seguridade Vial informa que se pode proceder á devolución do aval porque retiraron toda a sinalización de obra.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído por DRAGADOS, S.A., co CIF A-15139314, por importe de 1.500 €, por non producirse danos na vía pública.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído por DRAGADOS, S.A., co CIF A-15139314, por importe de 1.500 €, por non producirse danos na vía pública.

9(458).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A CONSTRUCCIONES ALONSO ARESES S.L. POR RESERVA ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA POR OBRA NA RÚA ROMIL, 49. EXPTE. 76027/210.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Transporte, do 13.03.09, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, que di o seguinte:

En data 1 de agosto de 2005, por parte de Construcciones Alonso Arese S.L., CIF B-36634319, constitúíuse un aval para responder dos posibles danos que poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Romil, 49 (expte. 71224/210.).

Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra Construcciones Alonso Arese S.L., en data 31 de decembro de 2009 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 5 de febreiro de 2009, o inspector de Seguridade Vial informa que se pode proceder á devolución do aval porque retiraron toda a sinalización de obra.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

Que polos servizos da Intervención Municipal, se procede á devolución do aval constituído por Construcciones Alonso Areses, S.L. co CIF B-36634319, por importe de 1.500 €, por non producirse danos na vía pública.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda que polos servizos da Intervención Municipal, se procede á devolución do aval constituído por Construcciones Alonso Areses, S.L. co CIF B-36634319, por importe de 1.500 €, por non producirse danos na vía pública.

10(459).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A ERIÑA S.L. POR RESERVA ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA POR OBRA NA RÚA CANARIO, 5. EXPTE. 75332/210.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Transporte, do 13.03.09, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, que di o seguinte:

En data 10 de agosto de 2005 por parte de EIRIÑA, SL, constituíuse un aval de 1.500 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa CANARIO, 5 (expte 75332/210).

Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra EIRIÑA, S.L, en data 28 de agosto de 2008 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 27 de enero de 2008, o inspector de Seguridade Vial informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública e retirar toda a sinalización.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 10 de agosto de 2005 por EIRIÑA, S.L, con NIF B-36005411, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa CANARIO, 5, por non producirse danos.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 10 de agosto de 2005 por EIRIÑA, S.L, con NIF B-36005411, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa CANARIO, 5, por non producirse danos.

11(460).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE EXECUCIÓN DUNHA CASETA DE VIXILANCIA E CONTROL NO PARQUE CENTRAL DE SERVIZOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1355/448.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro industrial, do 6.03.09, que di o seguinte:

Estase a inicia-lo CASETA DE VIGILANCIA I CONTROL, por parte do Progama UTIL (Unidade de Traballo para Inserción Laboral).

Conforme ó estipulado no RD 1627/1997 de 24 de outubro (BOE nº 256 de 25 de outubro) polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción é preceptiva a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde presentado polo Programa UTIL (Unidade de Traballo para Inserción Laboral) por parte do PARQUE CENTRAL DE SERVICIOS en obra e polo órgano da Administración que aprobou o proxecto.

Polo exposto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- *Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde redactado Programa UTIL (Unidade de Traballo para Inserción Laboral) para Dependencias do Parque Central, Concello de Vigo.*

Nota: achégase a seguinte documentación complementaria:

- *Plan de Seguridade e Saúde redactado polo Programa UTIL (Unidade de Traballo para Inserción Laboral). para a obra de Caseta de Vixiancia e Control no Parque*
- *Acta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde asinada polo técnico que está a desenvolver os traballos de Dirección de Obra, Casimiro Fontenla Bugallo, (Ingeniero Industrial)*
- *Informe da devandita Dirección de Obra para a aprobación pola Xunta de Goberno Local do Plan de Seguridade e Saúde.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(461).- PROPOSTA PARA DAR DE BAIXA DOUS VEHÍCULOS DA FLOTA MUNICIPAL PARA DESPEZAMENTO. EXPTE. 6579/445.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Parque Móbil, do 30.03.09, conformado pola concelleira delegada de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Dar de baixa como despezamento no patrimonio municipal aos vehículos de flota nº 117, PO-6193-V, Land Rover do ano 1985 e nº 491, PO-6108-W, Furgón F-275 do ano 1986.

13(462).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA PARA A FORMACIÓN DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL. EXPTE. 33889/212.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do superintendente-xefe da Policía Local do 23.02.09, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar do convenio de colaboración coa Academia Galega de Seguridade Pública que de seguido se transcribe, e o anexo que consta no expediente.

CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE FORMACIÓN ENTRE A ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA E O CONCELLO DE VIGO

A Estrada, de de 2009

REUNIDOS

DUNHA PARTE, D^a. María Isabel Durántez Gil, Directora xeral de Interior, actuando en nome e representación da Academia Galega de Seguridade Pública, en virtude da Orde do Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 31 de xaneiro de 2008 e das facultades outorgadas no artigo 12 da lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública.

DOUTRA, D. Xulio Calviño Rodríguez, Concelleiro Delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade do Concello de Vigo, actuando en virtude das atribucións que lle confire o artigo 21.1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e a delegación da Alcaldía.

EXPOÑEN

I.- Que conforme á Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública (en adiante AGASP) -artigos 1, 4.2 e 5.2-, este centro é un organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e ten encomendada, entre outras funcións, a de “elaborar os programas formativos e impartir os cursos dirixidos ao ingreso e á promoción interna nas distintas escalas dos corpos da policía de Galicia e das policía locais, así como a súa formación continua, perfeccionamento e especialización” e a de “promover relacións de intercambio e colaboración coas universidades e institucións de Galicia, así como con outros centros docentes e investigadores de ámbito autonómico, estatal ou internacional”.

II.- Que conforme os artigos 137 e 140 da Constitución Eespañola, e artigos 11 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, os Concellos son entidades locais territoriais, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

Que o Concello de Vigo dispón de Corpo de Policía Local e dunha Academia de Formación, que realiza unha labor docente complementaria da exercida pola AGASP e con capacidade de organización e infraestructuras para acoller nas súas actividades de formación a membros doutros corpos policiais.

Que o artigo 57 da devandita Lei 7/1985 contempla o Convenio como un dos instrumentos de cooperación económica, técnica e administrativa entre os entes locais e calqueras das restantes administracións territoriais.

III.- Que en aras do principio de eficacia que debe presidir as actuacións administrativas, ambas partes consideran necesario cooperar no exercicio da función de formación continua e perfeccionamento dos membros da Policía Local, pois brinda a oportunidade de multiplicar os logros de cada institución reducindo os custos.

Que convencidos do interese público e común desa cooperación, acordan formalizar o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes:

ESTIPULACIONES

PRIMEIRA: obxecto do convenio.

O obxecto do presente convenio é acadar a colaboración entre a AGASP e o Concello de Vigo a través da Academia de Formación da súa Policía Local para a formación dos Corpos de Policía Local .

Esta formación levarase a cabo mediante cursos e demais accións formativas sobre temas que sexan de interese profesional para as Policía Local e que supoñan unha mellora da súa cualificación e eficacia no servizo a través do mantemento ou potenciación da súa capacitación.

A tal efecto organizaranse, durante o ano 2009, 6 cursos de 20 horas cada un.

SEGUNDA: Organización das actividades formativas.

A organización dos cursos, xornadas e accións formativas deberá axustarse ás regras seguintes:

O deseño, estrutura, obxectivos, contidos, lugar de desenvolvemento e as datas de cada curso serán consensuados por ambas as dúas partes, podendo ser propostos por calquera delas indistintamente.

A AGASP aportará a súa infraestrutura organizativa e medios.

A AGASP realizará a convocatoria dos cursos no DOG, facendo constar a colaboración co Concello de Vigo, que pola súa parte pode así mesmo publicitalos do xeito que estime oportuno.

As solicitudes de participación dirixiranse ao centro que se mencione na convocatoria do curso.

O 60% das prazas ofertadas, como mínimo, reservarase para os membros do Corpo da Policía Local de Vigo e o resto das prazas, e as non cubertas dentro dese cupo, serán para os membros doutros corpos de policía local.

A selección realizarase tendo en conta a proximidade xeográfica e de acordo aos demais criterios empregados pola AGASP nos seus procesos de selección.

TERCEIRA: Profesorado, aulas e locais.

De forma conxunta decidiranse a selección e contratación dos profesores.

As clases impartiranse nas instalacións da Academia de Formación da Policía Local de Vigo ou noutras instalacións que decidan ambas partes.

CUARTA: Seguimento, coordinación e control das actividades formativas.

A Academia de Formación da Policía Local de Vigo asume o control das accións formativas, especialmente da asistencia dos alumnos ás clases e da atención aos docentes.

Nos diplomas que se expidan ao remate de cada curso ou xornada figurarán ambas institucións, e estarán asinados polo Alcalde de Vigo ou Concelleiro-Delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade e pola Directora xeral da AGASP.

As certificacións que poidan requirir os docentes ou alumnos sobre a súa participación ou asistencia nas actividades formativas, poderá ser expedida por calquera das partes, facendo constar a organización conxunta.

QUINTA: Financiación e xestión económica das actividades formativas.

O pago de docentes, horas lectivas e axudas de custo, coordinación e outros gastos, corresponderá ao Concello de Vigo e á AGASP:

- O Concello de Vigo financiará 4 cursos ou actividades formativas coa cantidade máxima de 5.000 € con cargo á partida orzamentaria 1620000.2222.

- A AGASP financiará 2 cursos ou actividades formativas, así como a elaboración e impresión dos programas, documentación, material e diplomas de todos os cursos organizados, coa cantidade máxima de 3.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 06.81.213A.226.17.

SEXTA: Requisitos para a obtención do diploma e réxime disciplinario

Ambos aspectos se regularán pola normativa aplicable na AGASP para cada tipo de acción formativa, que se especificará no texto de cada convocatoria.

SÉTIMA: Comisión de seguimento

Para o desenvolvemento e seguimento deste convenio créase unha Comisión Mixta paritaria, composta por dúas persoas designadas por cada parte, que adoptará os acordos por unanimidade. Son funcións desta comisión de seguimento as atribuídas no artigo 6.3 da Lei 30/1992, do 26 de Novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

OITAVA: Vixencia do convenio.

O presente convenio terá vixencia para o ano 2009.

NOVENA: Resolución e revogación do convenio.

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- > A renuncia de calquera das partes, formulada por escrito con tres meses de antelación.*
- > O incumprimento das cláusulas do mesmo.*
- > O mutuo acordo das partes.*

DÉCIMA: Modificacións.

As modificacións formalizaranse mediante Addenda, cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio.

UNDÉCIMA: Réxime xurídico.

Este convenio ten natureza administrativa e rexirase pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo, e no seu defecto pola lexislación de contratos do

Estado e demais normas de dereito administrativo, e en defecto deste último polas normas de dereito privado.

As discrepancias que xurdan pola aplicación do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula sétima. A solución dos conflitos que poideran xurdir con motivo do presente convenio corresponderán á xurisdición contencioso-administrativa.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas as dúas partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade asínase, por duplicado, no lugar e data arriba indicados.

14(463).- PROPOSTA DE DISTINCIÓN PÚBLICA DO AXENTE DE POLICÍA D. JUAN MIGUEL COVELO COSTAS. EXPTE. 33925/212.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do superintendente-xefe da Policía Local, do 23.02.09, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- O 3 de marzo de 2008, na rúa Mestre Soutullo, nº 3, un home encerrouse no baixo con dúas bombonas de butano e un chisqueiro na man; non contestaba ás chamadas e do interior do in-moble desprendíase un forte cheiro a gas.

SEGUNDO.- O policía con rexistro profesional nº 406, D. Juan Miguel Covelo Costas, ao chegar o lugar dos feitos, dunha maneira heroica, pondo en risco a súa vida, abre unha fiestra da parte tra-seira e accede ao local que estaba a escuras, chamando repetidas veces ao individuo, que nunha de-las contestou con voz tenue, ameazando con acender o chisqueiro e voar todo. Entón o policía, sen dubidar un momento nin pensar na súa integridade física, abalanzouse sobre él, que estaba tombado na cama, tapado con mantas e cunha manguera conectada a unha bombona e introducida nas man-tas, con claros síntomas de ter inhalado gran cantidade de gas, e, tras arrebatarrlle o chisqueiro e cortar o gas, sacouno ao exterior.

TERCEIRO.- Dos feitos foron testemuñas a muller do mencionado (do cal pesaba unha orde de afastamento) e a filla menor de ambos, que atopábase nun estado de ansiedade elevado. Ambas vi-vían no terceiro andar do edificio e de mútuo acordo verbal a muller permitíalle vivir no baixo.

CUARTO.- O acto de valentía deste policía pondo en risco a súa vida para salvar a do home en cuestión e evitar unha posible explosión con consecuencias impredecibles, tanto en vidas humanas como en danos materiais, na vivenda propia en nas colindantes, xa que son construcións antigas, tivo gran eco mediático nos medios de comunicación; así na páxina 1 e 3 do Faro de Vigo; páxina 1 e 10 do Atlántico Diario; páxina 1 e 14 de La Voz de Galicia; páxina 27 do Diario de Pontevedra; páxina 53 de ABC do día 04/03/2008, e páxina 49 de Atlántico Diario do 05/03/2009. (Achégase en anexo I, os recortes de prensa). Tamén nas televisión locais e autonómica.

QUINTO.- O Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do 23 de febrero de 2009 acordou feli-citar ao axente con rexistro profesional 406 D. Juan Miguel Covelo Costas, por estos feitos.

SEXTO.- Con data de 6 de marzo de 2009, e ao amparo do disposto no art. 98 e ss do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais, ten entrada no rexistro deste concello, con asento nº 90032326, escrito da Dirección Xeral de Interior solicitando á Alcaldía información previa que poida servir de motivación para a presentación por esa Dirección Xeral, de proposta de candidatos a recibir a placa individual, a placa colectiva e a medalla ao mérito dá policía local. Solicita, así mesmo, que se acompañe un informe previo do órgano competente, e demais datos mencionados na regulación ao principio citada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- A Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Locais aborda as distincións e recompensas no seu capítulo IV do título VI, dispoño o art. 74.1: “ Los miembros de los cuerpos de Policía Local de Galicia pueden ser distinguidos o recompensados de acuerdo con lo que se determine reglamentariamente.”

SEGUNDO.- O desenvolvemento regulamentario ao que difire a lei produciuse mediante o Decreto 243/2008, de 16 de outubro, en concreto no capítulo III do título IV. Este texto normativo, no seu artigo 89, crea as modalidades destinadas a premiar e distinguir publicamente aos policía locais de Galicia por feitos excepcionais ou de particular relevancia, que non formen parte das funcións e labores normais dos seus postos de traballo.

Estes feitos singularízanse en relación á Placa individual ao mérito da policía local no art. 91, onde establécese como unha das condicións que deben concorrer para a súa concesión, a de intervir en actos de servizo cunha conduta que evidencie un sobresaliente e excepcional valor persoal con risco grave e inminente para a propia vida sen necesidade de que se de un resultado de morte ou incapacidade.

Asimesmo, no art. 92 preceptúase como unha das condicións para a concesión da medalla ao mérito da policía local a de “ intervir en actos en defensa e protección dos intereses que teñan encomendados e que poñan de manifesto calidades de valor, sacrificio, lealdade ou abnegación excepcionais, e dos cales derive risco grave para a persoa”

TERCEIRO.- Os feitos destacados nos antecedentes reúnen os requisitos subxetivos e obxectivos esixidos por la norma regulamentaria para a concesión da Placa individual ao mérito da policía local e, no seu defecto para a medalla ao mérito da policía local. A actuación do policía D. Juan Miguel Covelo Costas entrando non baixo onde había un forte cheiro a gas, arrebatando o chisqueiro á persoa ameazaba con acendelo, á que posteriormente puxo a salvo tras cortar o gas, evitou unha máis que previsible traxedia, constituíndo, dado o manifesto perigo, un acto de sobresaliente e excepcional valor persoal con risco grave e inminente para a súa propia vida.

A actuación do policía D. Juan Miguel Covelo Costas excede as funcións e labores normais do seu posto de traballo e destaca excesivamente pola súa entrega ao servizo e conduta humanitaria; sen dúbida, coa súa conduta contribuíu á dignificación, prestixio e recoñecemento público de a policía local.

CUARTO.- O Título X da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, engadido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, atribúe a xestión do persoal nos municipios de gran poboación á Xunta de Goberno Local.

En mérito de cantos fundamentos fácticos e xurídicos anteceden, ou funcionario que subscribe solicita do Excelentísimo Alcalde, en canto titular da Xefatura da Policía Municipal, que propoña a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, ACORDO

Propoñer ante a Dirección Xeral de Interior ao axente de policía local, D. Juan Miguel Covelo Costas para a distinción pública por parte da consellería competente en materia de seguridade coa concesión da placa individual ao mérito da policía local e subsidiariamente a medalla ao mérito da policía local, pola súa actuación nos feitos acontecidos ou 28 de outubro de 2008, que se relatan non informe-proposta transcrito nos antecedentes deste acordo.

Con data 30.03.09 o Excmo. Alcalde propón elevar á Xunta de Goberno local a precedente proposta.

Acordo

Vistos os antecedentes, a Xunta de Goberno local acorda:

Propoñer ante a Dirección Xeral de Interior ao axente de policía local, D. Juan Miguel Covelo Costas para a distinción pública por parte da Consellería competente en materia de seguridade coa concesión da placa individual ao mérito da Policía local e subsidiariamente a medalla ao mérito da Policía local, pola súa actuación nos feitos acontecidos o 28 de outubro de 2008, que se relatan non informe-proposta transcrito nos antecedentes deste acordo.

15(464).- PROPOSTA DE DISTINCIÓN PÚBLICA DO AXENTE DE POLICÍA D. ENRIQUE TOUCEDO GARRIDO. EXPTE. 33926/212.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do superintendente-xefe da Policía Local, do 27.03.09, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data de 28 de outubro de 2008 prodúcese un incendio nunha vivenda sita no Cmño da Chumba nº 25 (Teis), da que saía gran cantidade de fume. Os veciños e dous moradores da mesa atopábanse no exterior, e manifestan que unha persoa maior estaba no interior, na súa habitación deitada na cama.

SEGUNDO.- O policía con rexistro profesional nº 475, Enrique Toucedo Garrido, ao chegar ao lugar dos feitos, sen dubidar un instante, poñendo en risco a súa integridade física e mesmo a súa vida, accede ao interior da vivenda para rescatar a esa persoa, facéndoo a gatas, arrastrándose polo chan, a escuras e cun pasamontañas mollado para non inspirar CO2 e non queimar a cara.

TERCEIRO.- O rescate foi dificultoso, pois a vítima estaba asustada e nerviosa, e agarrábase con forza a unha vala de suxección que tiña a cama en non quería saír, tendo o policía que forcexear, recibindo ata un bofetón e, tras moitos esforzos nun ambiente cheo de fume e lapas, conseguiu collela en brazos e sacala ao exterior.

CUARTO.- Tanto a vítima como o policía sufriron unha intoxicación por inhalación de fume, da que tiñeron que ser asistidos no Hospital Xeral-Cíes.

QUINTO.- O acto de valentía e profesionalidade deste policía pondo en risco a súa vida para salvar a doutra persoa, tivo gran eco mediático nos medios de comunicación; así na portada e páxina 9 de Faro de Vigo, portada e páxina 55 de Atlántico Diario, portada e páxina 12 de La Voz de Galicia, páxina 4 de ADN de data 29/10/08 (Achégase en anexo 1, os recortes de prensa); tamén nas televisións locais, autonómica e nacionais.

SEXTO.- O Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día vintetrés de febreiro de 2009 acordou felicitar ao axente con rexistro profesional 475, D. Enrique Toucedo Garrido, por estes feitos.

SÉPTIMO.- Con data de 6 de marzo de 2009, e ao amparo do disposto no art. 98 e ss do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais, ten entrada no rexistro deste concello, con asento nº 90032326, escrito da Dirección Xeral de Interior solicitando á Alcaldía información previa que poida servir de motivación para a presentación por esa Dirección Xeral, de proposta de candidatos a recibir a placa individual, a placa colectiva e a medalla ao mérito da policía local. Solicita, así mesmo, que se acompañe un informe previo do órgano competente, e demais datos mencionados na regulación ao principio citada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- A Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Locais aborda as distincións e recompensas no seu capítulo IV do título VI, dispoño o art. 74.1: “ Los miembros de los cuerpos de Policía Local de Galicia pueden ser distinguidos o recompensados de acuerdo con lo que se determine reglamentariamente.”

SEGUNDO.- O desenvolvemento regulamentario ao que difire a lei produciuse mediante o Decreto 243/2008, de 16 de outubro, en concreto no capítulo III do título IV. Este texto normativo, no seu artigo 89, crea as modalidades destinadas a premiar e distinguir publicamente aos policía locais de Galicia por feitos excepcionais ou de particular relevancia, que non formen parte das funcións e labores normais dos seus postos de traballo.

Estes feitos singularízanse en relación á Placa individual ao mérito da policía local no art. 91, onde establécese como unha das condicións que deben concorrer para a súa concesión, a de intervir en actos de servizo cunha conduta que evidencie un sobresaliente e excepcional valor persoal con risco grave e inminente para a propia vida sen necesidade de que se de un resultado de morte ou incapacidade.

Asimesmo, no art. 92 preceptúase como unha das condicións para a concesión da medalla ao mérito da policía local a de “ intervir en actos en defensa e protección dos intereses que teñan encomendados e que poñan de manifesto calidades de valor, sacrificio, lealdade ou abnegación excepcionais, e dos cales derive risco grave para a persoa”

TERCEIRO.- Os feitos que se destacan nos antecedentes de feito reúnen os requisitos subxectivos e obxectivos esixidos pola norma regulamentaria para a concesión da Placa individual ao mérito da policía local e, no seu defecto para a medalla ao mérito da policía local. O rescate e previsible sal-

vación da vida da anciá polo policía D. Enrique Toucedo Garrido, en acto de servizo, nun escenario dominado polo lume e a gran densidade do fume e, xa que logo, non só descoñecido senón tamén invisible para o funcionario, foi un acto de excepcional valor, de evidente e consciente risco grave e inminente para a súa vida. Risco que se incrementou coas dificultades que opuxo a anciá ao rescate e que non lle fixeron desistir da súa decisión de salvar a vida da anciá aínda a costa do perigo para a súa .

A actuación do policía D. Enrique Toucedo excede as funcións e labores normais do seu posto de traballo e destaca excesivamente pola súa entrega ao servizo e conduta humanitaria; sen dúbida, coa súa conduta contribuíu á dignificación, prestixio e recoñecemento público de de a policía local.

CUARTO.- O Título X da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, engadido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, atribúe a xestión do persoal nos municipios de gran poboación á Xunta de Goberno Local.

En mérito de cantos fundamentos fácticos e xurídicos anteceden, ou funcionario que subscribe solicita do Excelentísimo Alcalde, en canto titular da Xefatura da Policía Municipal, que propoña a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, ACORDO

Propoñer ante a Dirección Xeral de Interior ao axente de policía local, D. Enrique Toucedo Garrido para a distinción pública por parte da consellería competente en materia de seguridade coa concesión da placa individual ao mérito da policía local e subsidiariamente a medalla ao mérito da policía local, pola súa actuación nos feitos acontecidos ou 28 de outubro de 2008, que se relatan non informe-proposta transcrito nos antecedentes deste acordo.

Con data 30.03.09 o Excmo. Alcalde propón elevar á Xunta de Goberno local a precedente proposta.

Acordo

Vistos os antecedentes, a Xunta de Goberno local acorda:

Propoñer ante a Dirección Xeral de Interior ao axente de policía local, D. Enrique Toucedo Garrido para a distinción pública por parte da Consellería competente en materia de seguridade coa concesión da placa individual ao mérito da Policía local e subsidiariamente a medalla ao mérito da Policía local, pola súa actuación nos feitos acontecidos ou 28 de outubro de 2008, que se relatan non informe-proposta transcrito nos antecedentes deste acordo.

16(465).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO-2009. EXPTE. 18870/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 23.03.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 13.03.09, conformado pola xefa do Servizo de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	APELIDOS E NOME	MES	IMPORTE TOTAL
Desinfección	De Pardellas Avion, A. Avelino a Sousa Atrio, Jose Manuel	febreiro	460,33
I.M.D.	Rial Estevez, Francisco	febreiro	174,435
1ª Tenencia Alcaldía	De Pérez Costas, José Luis a Vázquez Martínez, Manuel A.	febreiro	399,50
Alcaldía	Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	febreiro	448,65
Alcaldía	Abalde Comesaña, Raquel	febreiro	56,14
Bombeiros	De Abreu Torres Francisco J. A Villaverde Veleiro Jose B	febreiro	40.548,59
Cemiterios	De Alfonso Sanmartin Jesus a Vilanova Acuña Delmiro	febreiro	2.093,22
Limpeza	De Hermida Sanmartin Juan Jose a Lojo Pancorbo Jose Manuel	febreiro	1.191,13
Parque Central	De Aira Pereiro, Emilio a Rodriguez Souto, Jose Antonio	febreiro	1.593,19
Montes, Parques e Xardíns	De Casas Iglesias Alfonso a Vidal Alvarez Jose Luis	febreiro	1.821,43
Conserxeria	Vaqueiro Herbelo, Mª Teresa	xaneiro	40,10
Parque Móbil	De Alvarez Bernardez, Amador a Vulcano Ferreyra J. Genaro	febreiro	2.446,49
Policía Local	De Aguado Taboada, Manuel F. A Vila Campos, Pablo	febreiro	3.034,88
Policía Local (xornada en exceso)	De Aballe González, Manuel a Vivero Mijares, Juan Guillermo	febreiro	59.774,75
Policía Local (xulgados)	De Alonso Caride, Constante a Vivero Mijares, Juan Guillermo	febreiro	4.266,64
Biblioteca Central	De Romero Falque, Xose Lois a Vázquez-Ruiz de Ocenda, Pepa	xan/febr	240,60
		TOTAL	118.590,06

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 118.590,06 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

17(466).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO-2009. EXPTE. 18871/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 30.03.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 13.03.09, conformado pola xefa do Servizo Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comezan por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de FEBREIRO-2009, e que ascenden a un total de 647'52 € (SEISCENTOS COARENTA E SETE EUROS CON CINCOENTA E DOUS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

18(467).- PRODUTIVIDADE DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO-2009. EXPTE. 18872/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 30.03.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 13.03.09, conformado pola xefa do Servizo de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de FEBREIRO, e que ascenden a un total de 1.139'82 € , con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

19(468).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AOS MESES DE XANEIRO E FEBREIRO-2009. EXPTE. 18873/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 30.03.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 13.03.09, conformado pola xefa do Servizo de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecelas obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura nas relacións que se achegan e que comencan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Rogelio Rocha Alvarez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes aos meses de Xaneiro e Febreiro 2009 e que ascenden a un total 1,218'30 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

20(469).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MOBIL CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO-2009. EXPT. 18874/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 30.03.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 13.03.09, conformado pola xefa do Servizo de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, a don Antonio Amoedo García e a don Florentino Prieto Domínguez, as cantidades que figura para cada un deles e que ascenden a un total de 126'70 € (CENTO VINTESEIS EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS), correspondente ao mes de Febreiro de 2009 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE

21(470).- PRODUCTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCIÓN A D^a ANA M^a SOTO SOBRADO. EXPTE. 1682/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 30.03.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 17.03.09, conformado pola xefa do Servizo de Persoal, que di o seguinte:

Por resolución da Alcaldía-Presidencia de data 18 de abril de 2005 encomendouse á funcionaria D^a Ana Maria Soto Sobrado -con praza de administrativa de admón. Xeral e nº de rexistro de persoal 11475, adscrita o Servizo de información- a realización das tarefas propias da xefatura de negociado de información ata a incorporación da titular do mesmo.

Con data 9 de xaneiro de 2009, o xefe de Atención e Participación Cidadá remite escrito ao Servizo de RR.HH, solicitando o aboamento das diferenzas retributivas correspondentes á encomenda de funcións realizada a funcionaria D^a Ana Maria Soto Sobrado, correspondente o período comprendido entre o 1 de outubro ao 31 de decembro de 2008.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento lexislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudirse ao preceptuado no artigo 28.Un.apartado E) da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2009, que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está

destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

De conformidade coas Instrucións de Plantilla vixentes, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 30 de maio de 2005 (Bop de 7 de xuño de 2005) serán aboadas con cargo o complemento de produtividade, entre outros supostos, o especial rendimento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia do seu titular, sempre que a súa duración sexa superior a un mes, polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e específico entre os dous postos.

As retribucións aprobadas para os postos de xefa de negociado de información e administrativo de administración xeral son:

	Xefe negociado	Administrativo	Dif mensual
CE	657,09	492,11	164,98
CD	452,40	406,18	46,22
			211,2

De conformidade coas instrucións de plantilla vixentes, o aboamento efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións, agás que a produtividade contase con periodicidade, na que se computarían as baixas por accidente de traballo, enfermidade profesional e permisos e licencias.

Neste caso, e non tendo o carácter periódico, a produtividade deberase calcular en función dos días efectivamente traballados, descontándose polo tanto as baixas laborais e vacacións.

Consultados os datos obrantes neste SERvizol, a funcionaria non disfrutou de vacacións nin tivo ningunha baixa por ILT no período comprendido entre o 1 de outubro ao 31 de decembro de 2008.

Deste xeito, o importe da produtividade solicitada ascendería a cantidade de 633,6 €.

Vistos os feitos precedentes informase que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor poidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, toda vez que a simple concorrencia dos criterios de asignación aprobados pola Xunta de Goberno Local non poden implicar un devengo automático da produtividade, xa que éstos tan só constitúen os supostos fácticos previos e necesarios para poder aprecia-lo rendimento dos funcionarios propostos, polo que previo informe da Intervención Xeral **PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

1. O recoñecemento á administrativa de admón.Xeral, D^a Ana Maria Soto Sobrado, un complemento de produtividade por importe de 633,6 € euros, importe calculado en función das diferencias retributivas existentes entre as asignadas ao posto de xefa de negociado de información e as establecidas para o posto de administrativo de admón. xeral, en relación ao período comprendido entre 1 de outubro ao 31 de decembro de 2008, acordando en consecuencia o aboamento do mesmo.

Dese traslado da presente resolución á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(471).- ACUMULACIÓN DE FUNCÍONS DE D^a CAROLINA VICENTE RODRÍGUEZ 4º TRIMESTRE 2008. EXPTE. 18862/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 30.03.09 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 17.03.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Mediante resolución de data 1 de xullo de 2008, o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal resolveu encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público, funcións de colaboración e apoio administrativo ao Técnico de Intervención D. Javier Muradas Blanco, á funcionaria municipal D^a Carolina Vicente Rodriguez, con nº de persoal 22.119, auxiliar de admón. xeral adscrita á Intervención Xeral.

A devandita encomenda ten carácter provisional ata a cobertura dos postos de persoal administrativo vacantes actualmente na Intervención Xeral ou ata a unha organización do traballo do servizo de xeito diferente ao actual, e realízase sen prexuízo das funcións inherentes ao seu posto de traballo de auxiliar de admón. Xeral contidas na Guía de Funcións dos Postos de Traballo do Concello de Vigo plenariamente aprobada.

Baséase dita encomenda na petición de data 22 de febreiro de 2008 do Técnico de Intervención, co conforme do Interventor Xeral, de que se lle encomenden provisionalmente a funcionaria D^a Carolina Vicente Rodriguez, auxiliar administrativa de admón xeral, funcións de colaboración e apoio administrativo ao citado funcionario D. Javier Muradas Blanco, responsable da xestión do Capítulo I do orzamento, xa que éste, ata o mes de marzo de 2005, contaba co apoio administrativo de persoal auxiliar. Asimesmo, ata o mes de setembro do 2007 -data na que foi trasladado a outro servizo- ou-

tro dos técnicos de xestión do Concello colaboraba na tramitación dos expedientes relacionados co Capítulo I.; igualmente, faise mención á necesidade de garanti-lo correcto funcionamento da Intervención Xeral, e dado que o breve prazo de tempo do que se dispón para a tramitación dos expedientes que afectan ao Capítulo I, debido a que requiren da participación de distintos servizos municipais antes da súa inclusión na nomina do persoal municipal.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 29 de setembro de 2008, acordou (EXPTE. 18407/220) recoñecer a funcionaria D^a Carolina Vicente Rodríguez, auxiliar administrativa adscrita a Intervención Xeral e n^o de persoal 22119, un complemento de produtividade anual por importe de 2,800.00 € a devengar trimestralmente polos cometidos extraordinarios que ven desempeñando segundo Resolución do Concelleiro delegado de Xestión Municipal, de data 1 de xullo de 2008, previo informe acreditativo do servizo.

Recíbese na Unidade de Persoal en data 9 de marzo de 2009, informe do Técnico de Intervención co conforme do Interventor xeral de data 19 de febreiro de 2009, no que se informa que a funcionaria D^a Carolina Vicente Rodríguez desempeñou de xeito satisfactorio durante o período comprendido entre o 1 de outubro ao 31 de decembro de 2008 as funcións administrativas obxecto da encomenda, polo que procedería o aboamento da cantidade de 700€ correspondentes ao 4^o trimestre de 2008.

Tendo en conta o recollido no art. 25 da Ley 30/84, o art. 28 da Ley 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2009, así como o art. 5 do R.D. 861/86 definen a produtividade como unha retribución complementaria non fixa nin periódica, establecida en función do especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario/a desempeña o seu traballo, esixindo que a súa valoración se faga desde ditos parámetros obxectivos e atendendo tamén os resultados ou obxectivos perseguidos polos correspondentes programas, sen que en ningún caso as cantidades percibidas polo dito concepto en relación cun período determinado, orixinen dereitos individuais respecto de eventuais valoracións ou apreciacións para períodos sucesivos.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo e deberá ponderarse sempre en función do rendemento e dedicación do empregado proposto para a asignación sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

De conformidade co previsto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, o órgano competente para a adopción de resolución en relación coas retribucións do persoal municipal é a Xunta de Goberno Local, a proposta do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal sempre que esas retribucións teñan carácter complementario e non sexan fixas nin periódicas a excepción dos grupos nos que sexa competencia do Pleno, como recolle o apartado II a) 15 do Decreto da Alcaldía de data 5 de xullo de 2007, tendo en conta o expresado no informe que precede e sempre en tanto en canto exista a debida cobertura orzamentaria suficiente para facer fronte ao custo do programa no vixente orzamento, para o eventual suposto de que a Xunta de Goberno local optase por dar aprobación a asignación dun complemento de produtividade a funcionaria D^a Carolina Vicente Rodríguez, e previa a emisión do precepto.

*tivo informe de fiscalización e consignación de créditos na partida 121.0.1500000 –Productividade-,
PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL:*

Recoñecer a funcionaria D^a Carolina Vicente Rodriguez, auxiliar administrativa adscrita a Intervención Xeral e nº de persoal 22119, un complemento de produtividade correspondente ao 4º trimestre do ano 2008 por importe de 700,00 € polos cometidos extraordinarios que ven desempeñando segundo Resolución do Concelleiro delegado de Xestión Muniicipal, de data 1 de xullo de 2008, acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de setembro de 2008 e informe do técnico de Intervención de data 19 de febreiro de 2009

Dese traslado do presente acordo á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(472).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL -FEBREIRO 2009. EXPTE. 18893/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión, do 20.03.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e de acordo co informe-proposta do concelleiro-delegado da Área de Xestión, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 7.233,71 € correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos Limpeza, Vías e Obras, Vías e Obras-Control Concesionarias, OSPIO, Seguridade, Parque Móbil, Participación Cidadá, Conserxería, Benestar Social, Cemiterios, Educación, Montes Parques e Xardíns, Inspección de Tributos, Igualdade e Museo de Castrelos, dos meses de decembro de 2008 e xaneiro e febreiro de 2009 con cargo á clasificación económica do orzamento 231.00.00 -Gastos de Locomoción.

	Servicio	Total
4420	Limpeza	300,58 €
5110	OSPIO-Vías e Obras-Control Concesionarias	3.576,12 €
2220	Mobilidade e Seguridade	674,88 €

1212	Parque Móbil	214,88 €
4631	Participación Cidadada	44,84 €
4220	Educación	214,36 €
6110	Inspección Tributos	1.176,29 €
4430	Cemiterios	161,50 €
1210	Conserxería	520,03 €
3130	Benestar Social	83,28 €
4326	Montes, Parques e Xardíns	152,57 €
4632	Igualdade	64,22 €
4513	Museo Quiñones de Leon	50,16 €
TOTAL		7.233,71 €

24(473).- DAR CONTA DO DECRETO DE DATA 24.3.2009 DE ENCOMENDA DE FUNCIÓNS A D^a BEATRIZ ALONSO ASENJO. EXPTE. 18900/220.

Dáse conta do Decreto do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 24.03.09, que di o seguinte:

As necesidades de persoal técnico no Servizo de Patrimonio, postas de manifesto no escrito remitido polo Xefe do Servizo en data 05/02/2009, conformado pola Xefa da Área de Réxime Interior, conle- van o necesario reforzamento provisional do mesmo con persoal técnico especializado, que permita realizar de modo eficaz as inspeccións técnicas de edificacións dacordo co disposto na Ordenanza Reguladora da ITE.

A tal obxecto, propónse no dito escrito a encomenda de funcións propias do posto e praza de arqui- tecto/a técnico municipal a favor da funcionaria D^a Beatriz Alonso Asenjo, con n^o de persoal 15.651, arquitecta técnica municipal adscrita á Unidade da OSPIO.

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empre- gado Público (BOE n^o 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Pú- blicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspon- dentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcal- día-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decre- to de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

R E S O L V O

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente á funcionaria D^a Beatriz Alonso Asenjo, con n^o de per- soal 15.651, arquitecta técnica municipal adscrita á Unidade da OSPIO, a realización das inspec- cións técnicas dos edificios municipais (con excepción dos destinados a servizos educativos) dos anos 2006, 2007, 2008 e 2009, relacionados nas comunicacións do Servizo da ITE da Xerencia Mu-

nicipal de Urbanismo citadas no escrito remitido polo Xefe do Servizo de Patrimonio en data 05/02/2009, conformado pola Xefa da Área de Réxime Interior.

Segundo.- Solicitar da Sra. Concelleira-delegada da Área de Servizos Xerais e do Sr. Xefe da Área a colaboración do persoal ao seu cargo adscrito ao Servizo de Electromecánicos no suposto en que eventualmente as tarefas de inspección así o requiran.

Terceiro.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto ata 31 de decembro do presente ano 2009.

Cuarto.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado á interesada, concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Quinto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(474).- RECTIFICACIÓN DE ERROS NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 9.3.2009 EXPTE. DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO-2009. EXPTE. 18905/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 25.03.09, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Único.- En sesión de data 9 de marzo do 2009 (expediente administrativo nº 18.823/220) a Xunta de Goberno Local acordou aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e nocturnidade de persoal municipal de distintos servizos.

Detectado erro por omisión de datos e a inclusión de outros incorrectos, procede rectificar o mesmo.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

De conformidade co disposto no artigo 105.2 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola

Lei 4/1999, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, ben de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos. Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“PRIMEIRO.- Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, os erros por omisión e inclusión de datos incorrectos detectado no acordo adoptado por esta Xunta de Goberno Local en data data 3 de marzo do 2009 (expediente administrativo nº 18.823/220) sobre abono en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e nocturnidade do persoal municipal quedando redactado da seguinte forma:

“Aboar en concepto de gratificación por servicios extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	RELACION	MES	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Policia Local	De Aguado Taboada, Manuel F. A Vivero Mijares, Juan Guillermo	Decembro 08	23.082,92	422,08	2.731,00
Policia Local	De Alonso Caride, Constante a Vivero Mijares, Juan Guillermo	Decembro 08	3.992,88		3.992,88
Policia Local	De Aballe González, Manuel a Vivero Mijares, Juan Guillermo	Xaneiro 09	35.588,92	23.230,80	58.819,72
Policia Local	De Alvarez Domínguez, Mª José a Vila Campos, Francisco J.	Xaneiro 09	4.057,16	637,88	4.695,04
Policia Local	De Alonso Caride, Constante a Villar Silva, Aida	Xaneiro 09	3.625,04		3.625,04
Alcaldía	De Costas Fernandez, Basilio a Abalde Comesaña, Raquel	Xaneiro 09	516,80	26,50	543,30
Bombeiros	De Abreu Torres, Francisco J. A Villaverde Veleiro, José B.	Xaneiro 09	30.191,29	17.793,00	47.984,29
Biblioteca Central	De Romero Falque, Xosé Luis a Ormíguez Pérez, Susana	Xuño a Decembro 08	597,36		597,36
Electromecánicos	Arias Rodriguez Da	Xaneiro 08	48,12	284,55	332,67

	maso				
Museo de Castrelos	De Ogando López, José M a González Bello, Andrés	Decembro 08	199,45		199,45
Museo de Castrelos	De Ogando López, José M a González Bello, Andrés	Xaneiro 09	348,88		348,88
Cemiterios	De Alfonso Sanmartín, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	Xaneiro 09	2.586,45		2.586,45
1ª Tenencia Alcaldía	De Pérez Costas, José L a Vázquez Martínez, Manuel	Decembro 08	192,57	98,05	290,62
1ª Tenencia Alcaldía	De Pérez Costas, José L a Vázquez Martínez, Manuel	Xaneiro 09	176,85	58,30	235,15
IMD	De Rial Estévez, Francisco	Xaneiro 09	29,72	4,06	33,13
Parque Móbil	De Alonso Iglesias, Manuel a Vulcano Ferreira, J. Genaro	Xaneiro 09	920,30	1.080,61	2.000,91
Montes, Parques e xardíns	De Casas Iglesias Alfonso a Vidal Alvarez Jose Luis	Xaneiro 09	1.764,40	731,70	2.496,10
Parque Central	De Aira Pereiro, Emilio a Rodriguez Souto, Jose Antonio	Xaneiro 09	1.142,85	731,70	1.874,55
Limpeza	De Hermida Sanmartín, Juan José a Lojo Pancorbo	Xaneiro 09	457,14	842,81	1.299,95
Desinfección	Pardellas Avión, A. Avelino a Sousa Atrimo, José M	Xaneiro 09	336,84	327,91	664,75
		TOTAL	8.9081,29	46.269,95	135.351,24

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 135.351,24 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo á Intervención Xeral, Tesourería Municipal (negociado de Nóminas) aos efectos oportunos, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(475).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 27 DE MARZO DE 2009, SOBRE BASES RECTORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER INTERINO DUN OPERADOR DE INFORMÁTICA. EXPTE. 18845/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 2.04.09, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Único.- En sesión de data 27 de marzo do 2009 (expediente administrativo nº 18845-220) a Xunta de Goberno Local acordou aprobar as bases rectoras do proceso selectivo para a provisión con carácter interino dun operador de informática.

Detectado erro en ditas bases, onde se fai referencia a provisión con carácter interino por acumulación de tarefas, procede rectificar o mesmo, dado que dita provisión se realiza ao abeiro do recollido no art. 10.1.a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

De conformidade co disposto no artigo 105.2 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, ben de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, o erro detectado no acordo adoptado por esta Xunta de Goberno Local en data data 27 de marzo do 2009 (expediente administrativo nº 18845-220) sobre bases rectoras do proceso selectivo para a provisión con carácter interino dun operador de informática, debéndose eliminar a referencia a “por acumulación de tarefas”, sustituíndoa pola referencia á cobertura de praza vacante art. 10.1.a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

SEGUNDO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte a súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(476).- DEVOLUCION DE FIANZA A AREALOURA S.A. POLA EXECUCIÓN DE OBRAS NO PERI UA-3 CASAS. EXPTE. 56765/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Negociado de Vías e Obras, do 24.03.09, conformado pola concelleira delegada de Vías e Obras, que di o seguinte:

Vista a solicitude de devolución formulada por AREALOURA S.A., de data 22/12/08, en relación a fianza constituída en data 26/01/2007, para responder dos danos que pudesen ocasionarse por execución de obras en Casas, constando copia do mesmo no presente expediente.

Visto o informe do Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras, de data 16 de marzo de 2009, donde reseñase que a zoa quedou en perfectas condicións, e polo que PROPONSE:

Proceder a devolución da fianza a AREALOURA S.A, constituída na data reseñada, polo importe de 546,03 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(477).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 302.871,19 € A FAVOR DE HIDROESTRUCTURAS POLA RECONSTRUCCIÓN DO MURO CANTEIROS EN MATAMÁ. EXPTE. 90/440.

A Xunta de Goberno local retira este expediente para mellor estudio.

29(478).- SOLICITUDE E EXPROPIACIÓN TOTAL DE PARCELA INCLUÍDA NO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO NA RÚA MANUEL ÁLVAREZ. PARCELA P-60-A. EXPTE. 147/413.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral, do 12.03.09, conformado polo director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

No 30.02.2000 o Concello subscribiu un convenio coa Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia (CPTOPV) en virtude do cal esta última comprometeuse "ó fi-

nanciamiento, contratación, ejecución e dirección", de varias obras de apertura e ampliación de via-rio nos barrios periféricos de Vigo, entre as que se atopa o ensanche e mellora da rúa Manuel Álvarez, Gandarón e Severino Cobas.

O 6/06/03 o Pleno do Concello de Vigo aprobou definitivamente o proxecto de expropiación da rúa Manuel Álvarez (nº 147/413).

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 20/11/03, acordou declarar a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de referencia.

Con data 26/10/04, procedeuse ao pago do depósito previo á ocupación e ao posterior levantamento de acta de ocupación, de acordo co establecido no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954 (LEF), remitíndoselle á expropiada a follla de valoración e aceptación correspondente ao predio da súa propiedade, aceptando no devandito prazo, en vía de mutuo acordo a valoración dos bens e dereitos afectados realizada pola Administración.

Requerida para proceder ao pago da cantidade ofrecida en data 8/06/07, non compareceu, polo que se procedeu á consignación do xustiprezo na Caixa Xeral de Depósitos con data 15/06/07.

Dona Dolores Lago Otero, en calidade de herdeira de dona Julia Otero Costas, propietaria da parcela 60-A, solicitou (DOC. 70087263), con Rexistro de entrada na Xerencia municipal de urbanismo de data 30/07/07, a expropiación total da mesma.

Consta no expediente informe favorable do 30/08/07 da oficina de actuacións viarias no que se indica que: "(...) Revisado o expediente, e comprobado o asunto de referencia, despréndense os seguintes condicionantes (segundo acta previa e acta de ocupación):

a superficie expropiada é de 313,4 m²

a superficie de ocupación temporal, que afecta practicamente ao resto da parcela, é de 117,90 m².

A superficie total da parcela, segundo a segregación realizada no levantamento da acta previa, é de 432,4 m², e compróbase segundo plano adxunto as reducidas dimensións do resto que non resulta afectado pola expropiación, que efectivamente parece non dispor do dimensionado adecuado para o ulterior aproveitamento por parte do propietario.

Por todo o cal se considerada xustificada a expropiación completa, pedida na alegación, sempre en cando se verifique que o petionario é o propietario legal da parcela (non coincide na alegación o solicitante e o petionario co propietario que figura no expediente)."

Solicitado informe sobre a existencia de crédito orzamentario para a expropiación da superficie non afectada de 119 m², valorada en 4.522 €, o delegado da área de urbanismo e vivenda, con data 9/07/08, autorizou orde de pagamento a xustificar da conta habilitada para o pago de expropiacións, na que consta incluído o importe correspondente á expropiación total da parcela P-60-A da rúa Manuel Álvarez.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Procedencia da adopción de acordo de expropiación total da finca P-60-A incluída no proxecto de expropiación da rúas Manuel Álvarez:

Consonte co previsto no artigo 23 da LEF cando a expropiación implique só a necesidade de ocupación dunha parte da finca rústica ou urbana, de tal xeito que como consecuencia daquela resulte an-

tieconómica para o propietario a conservación da parte da finca non expropiada, poderá este solicitar a expropiación total. Por outra parte, o artigo 22 do Decreto de 26 de abril de 1957, polo que se aprobou o Regulamento da Lei de expropiación forzosa, prevé que na solicitude de expropiación da totalidade deberán expoñerse as causas concretas determinantes dos prexuízos económicos, tanto pola alteración das condicións fundamentais da finca, como das súas posibilidades de aproveitamento rentable. Tal extremo foi obxecto de informe favorable por parte da oficina de actuacións viai-ras.

II. Órgano competente para a adopción do presente acordo:

De acordo co disposto no artigo 127.1.d) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), a competencia para a adopción do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.

Xa que logo e, de conformidade cos fundamentos técnicos e xurídicos anteriormente expostos propon-se a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: Estimar, de conformidade cos informes obrantes no expediente, a solicitude presentada por dona Dolores Lago Otero, en calidade de herdeira de dona Julia Otero Costas, para a expropiación da totalidade da finca P-60-A, incluída no expediente expropiatorio da rúa Manuel Álvarez (expte 147/413).

SEGUNDO: Requirir da interesada a aportación da documentación acreditativa da titularidade da parcela de referencia ou da sucesión en caso de figurar a finca a nome de herdeiros, co obxecto de proceder ao pago do xustiprezo, indicándolle que este se efectuará precisamente aos que figuren como donos do ben expropiado, non admitíndose representación senón por medio de poder debidamente autorizado, xa sexa xeral, xa sexa particular para este caso.

TERCEIRO: Comunicar o presente acordo aos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo, para os efectos oportunos.

CUARTO: Notificar o presente acordo á interesada, informando que contra o mesmo caberá interpoñer alternativamente recurso de reposición no prazo dun mes ante esta mesma Administración ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(479).- DAR CONTA DO PASE A VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE COTAS DE URBANIZACIÓN ENDEBEDADAS POR D^a. M^a. PILAR VIEIRA MONTENEGRO. EXPTE. 3372/407.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director dos Servizos Centrais, do 13.03.09, conformado pola xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

En data 10 de decembro de 2007 deuse conta á Xunta de Goberno Local do pase á vía executiva das cotas de urbanización pendentes de pago da Xunta de Compensación UA 8-As Grades (exp. 2761/407). A continuación remitíronse á Tesourería para que se ditaran as correspondentes providencias de constrinximento.

Na relación de debedores figuraba Dna. María Pilar Vieira Montenegro, con DNI 35987595R, e unha débeda de 6.447,15 euros.

Segundo se ten acreditado con posterioridade, cometeuse un erro no nº do documento de identidade.

Xa que logo, procede iniciar de novo o procedemento executivo a nome de Dna. María Pilar Vieira Montenegro co nº de DNI correcto: 35997316-Q.

De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio”.

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada da seguinte cota de urbanización que se remite ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dite a correspondente providencia de constrinximento:

- *María Pilar Vieira Montenegro (NIF 35.997.316-Q) 6.447,15 €*

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada da seguinte cota de urbanización que se remite ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dite a correspondente providencia de constrinximento:

- *María Pilar Vieira Montenegro (NIF 35.997.316-Q) 6.447,15 €*

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

31(480).- CORRECCIÓN DE ERROS EN DIVERSOS EXPEDIENTES DO FEIL. EXPTE. 2630/241.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 3.04.09, sobre a corrección de erros en determinadas certificacións de acordos da Xunta de Goberno local, acórdase:

1º.- No asunto 4 da orde do día do acordo da Xunta de Goberno Local de data 27.03.2009, relativo ó expediente 64/440, substituír no punto 2º “prezo total de 1.466.792,50 euros” por “prezo total de 1.566.792,50 euros.

2º.- No asunto 7 da orde do día do acordo da Xunta de Goberno Local de data 17.03.2009, relativo ó expediente 64/440, substituír no punto 3º “prezo total de 1.466.792,50 euros” por “prezo total de 1.566.792,50 euros”.

3º.- Nos acordos da Xunta de Goberno Local de datas 02.03.2009 e 18.03.2009 nos asuntos da orde do día relativos ós expedientes 11444-331, 8402-333, 4753-307,8401-333, 38856-301, 4754-307, 4755-307 e 4756-307 substituír as referencias a “persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra” por “persoal a maiores sobre o cadro de persoal establecido no proxecto da obra.

32(481).- PROXECTO DE CONVENIO COA FUNDACIÓN VIDE PARA A ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO DO MUNDO DE HOQUEI A PATÍNS 2009. EXPTE. 8455/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20.03.09, o informe de fiscalización, do 1.04.09, e de acordo co informe-proposta do director deportivo e coordinador xeral da Tenencia de Alcaldía, de 2.03.09, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a Fundación Vigo en Deporte (VIDE) para a dinamización e desenvolvemento xenerico do Proxecto “Mundial de Hoquei a Patins 2009”.

SEGUNDO: Aprobar o gasto por un importe de 200.000,00 €, (douscentos mil euros) a favor da entidade: Fundación Vigo Deporte, co CIF: G-36894020 con enderezo social na rúa Cesáreo González, s/n en Vigo. c/c con cargo a partida 4521.227.06.03 "Actividades eventos internacionais" do vixente orzamento para o ano 2009.

Aprobar a condición de gasto anticipado, non sendo necesaria a execución de garantía sobre o mesmo según xustificase no propio informe proposta. O pago da achega efectuarase en base os seguintes prazos:

Primeira achega do 50 % do importe. Terá consideración de achega anticipada e será efectiva unha vez asinado o presente convenio.

Segunda achega do 50% do importe. Este importe será liquidado a VIDE, no mes de xuño previa xustificación por parte de VIDE da execución de gastos por un importe como mínimo igual a cantidade total da achega do Concello de Vigo. Para a xustificación dos gastos, Vide terá en conta os criterios definidos na clausula oitava.

O Concello de Vigo poderá aumentar a achega prevista neste convenio previa aprobación do gasto en función da xestión de créditos procedentes de outras administracións para a celebración do Campionato do Mundo de Hoquei 2009.

TERCEIRO: Habilitar ao Concelleiro Delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. Xabier Alonso Pérez, para asinar este Convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERIA DE DEPORTES DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO EN DEPORTE (VIDE) PARA A ORGANIZACIÓN DO CAMPIO-NATO DO MUNDO DE HOQUEI A PATINS 2009.

En Vigo, a de de 2009

REUNIDOS

Por parte do Concello de Vigo:

- o D. Xabier Alonso Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.*

Por parte de Fundación VIDE:

- o Dna. Laura Magdalena, como Directora/Xerente da Fundación Vigo en Deporte, con C.I.F. G- 36.894.020 e con domicilio social en Rúa Cesáreo González, s/n 36210Vigo, segundo resulta da acta da reunión do Comité executivo da Fundación VIDE de data 2 de outubro de 2007, que figura na documentación deste expediente.*

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, recoñece que, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias que os Municipios poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso competencias, nos termos da lexislación do estado e das Comunidades Autónomas, en materia de ocupación do tempo libre, actividades e instalacións culturais e deportivas e participación na programación do ensino. En relación a este ámbito competencial o Concello de Vigo desenvolve un todos os anos unha programación de eventos deportivos de carácter internacional, como proposta de traballo para a consolidación e difusión do deporte na cidade.

SEGUNDO.- A Real Federación Española de Patinaxe en reunión extraordinaria celebrada no mes de setembro de 2007 acordou a concesión de celebración do Campionato do Mundo de Hockey a patíns a candidatura da Cidade de Vigo.

O Concello de Vigo asinou no mes de marzo do 2008 un protocolo de colaboración coa Federación Española de Patinaxe para a organización do Campionato do Mundo de Hockey sobre Patins 2009. Este protocolo ten por obxectivo establecer as pautas xenéricas e os compromisos entre as partes para desenvolver a organización de todos os aspectos necesarios derivadas da celebración do Campionato do Mundo de Hoquei a patins 2009.

De cara a busca dunha proposta que oriente a posible fórmula de xestión deste proxecto, o Comité organizador en reunión celebrada el 8 de xullo de 2008 acorda que a xestión administrativa/económica do proxecto Mundial 2009 se desenvolva a través da Fundación Vide, para o cal se desenvolverá un convenio entre as institucións implicadas e dita Fundación. A proposta centrase nunha encomenda de funcións para o desenvolvemento do proceso de xestión económica e organizativa do Mundial a través da Fundación VIDE.

TERCEIRO.- Que a Fundación Vigo en Deporte foi constituída con data 19 de novembro de 2001 e clasificada por Orden da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública de 27 de decembro de 2001 e declarada de interese galego pola mesma Consellería de 4 de febreiro de 2002, quedando adscrita ó Protectorado da Xunta de Galicia e atopase incluída entre as reguladas na Sección 1ª Capítulo I do Título II da Lei 30/1.994; ten entre os seus fins fundacionais o fomento do deporte co orixe en Vigo.

CUARTO.- Todos estos aspectos nos levan a necesidade de conxugar o presente convenio de colaboración coa Fundación VIDE no cal buscase no obxecto principal do mesmo encamiñar as actuacións de colaboración como axente coordinador no desenvolvemento do proxecto “Mundial Vigo 2009”, de cara a aunar os esforzos e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento deste proxecto.

Que en virtude delo, ambas partes acordan suscribir o presente convenio de colaboración en relación a necesidade de executar e desenvolver as actuacións necesarias baixo os principios e garantías de equilibrio, capacidade, solvencia e apoio o proxecto “Mundial Hoquei sobre Patins Vigo 2009” e que de forma específica enmarcase nas seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

Primeira: O obxecto do presente convenio establece na encomenda de función a Fundación VIDE para a execución baixo os principios e garantías de equilibrio, capacidade, solvencia e xestión das actividades obrigatorias derivadas dos aspectos administrativos/económicos da organización do Campionato do Mundo de Hoquei sobre Patins 2009.

Segunda: A lexislación aplicable, para este convenio, o atopase excluído do ámbito obxectivo de aplicación da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público (art. 4.1.d;

art. 4.4), queda referida as propias cláusulas del convenio, as restantes normas de dereito administrativo vinculadas e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Terceira: A Fundación Vide atenderá os criterios definidos pola Real Federación Española de Patinaxe (RFEP) e a Federación Internacional Roller Sport (FIRS) e que se especifica no anexo I deste convenio.

Cuarta: A Fundación Vigo en Deporte, comprométese a desenvolver as tarefas necesarias para a dinamización da organización e dinamización das diversas actuacións e procesos establecidos pola RFEP e FIRS a través da súa estrutura e de forma concreta establecense en:

- *Realización de xestión para a captación de recursos externos para a financiación do proxecto “Campionato do Mundo de Hoque sobre Patins 2009”.*
- *Sinatura de convenios de colaboración coas Institucións implicadas no propio Comité Organizador para cumprimentar os compromisos económicos que concrete o propio comité organizador.*
- *Colaborar co Concello de Vigo e o Comité Organizador no deseño, execución e difusión das actuacións previstas no proxecto de organización.*
- *Establecer a través de recurso propios ou externos o asesoramento e xestión das necesidades vinculadas coas actuacións de organización e promoción do proxecto “Campionato do Mundo de Hoque sobre Patins 2009”.*
- *Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo da Cidade para as actuacións conxuntas de promoción.*
- *Realizar cantas xestións sexan necesarias con outras administracións para a consecución de apoios o proxecto.*
- *Apertura dunha conta corrente específica e única para a xestión dos ingresos e gastos derivados do presente proxecto.*
- *A Fundación Vide non percibirá cantidade algunha en concepto de prezo pól as actividades que desenvolverá en virtude deste convenio, destinándose as cantidades que por este convenio se compromete a achegar o Concello de Vigo, exclusivamente a sufragar os gastos directamente relacionados coa organización do Campionato do Mundo de Hoquei a Patins.*

Quinta: O Concello de Vigo comprométese a:

- 2. Facilitar a Fundación VIDE a tramitación das necesidades propias do Concello para a organización do proxecto “Campionato do Mundo de Hoque sobre Patins 2009”.*
- 3. Autorizar a VIDE a utilización da imaxe corporativa do proxecto “Campionato do Mundo de Hoque sobre Patins 2009” en todas as actuacións de promoción e captación de recursos para o desenvolvemento do proxecto.*
- 4. Achegar a Fundación VIDE como cantidade contemplada no vixente orzamento do Concello de Vigo para o desenvolvemento do proxecto “Campionato do Mundo de Hoque sobre Patins 2009” a de 200.000,00 €.*

5. A achega será feita a Fundación VIDE, en dous momentos:

Primeira achega do 50 % do importe. Terá consideración de achega anticipada e será efectiva unha vez asinado o presente convenio.

Segunda achega do 50% do importe. Este importe será liquidado a VIDE, no mes de xuño previa xustificación por parte de VIDE da execución de gastos por un importe como mínimo igual a cantidade total da achega do Concello de Vigo. Para a xustificación dos gastos, Vide terá en conta os criterios definidos na cláusula oitava.

O Concello de Vigo poderá aumentar a achega prevista neste convenio previa aprobación do gasto en función da xestión de créditos procedentes de outras administracións para a celebración do Campionato do Mundo de Hoquei 2009.

Sexta: A vixencia deste convenio alcanza o periodo de tempo no que se desenvolve o proxecto “Mundial de Hoquei a patins 2009 que debe celebrarse na primeira quincena do mes de xullo de 2009. A súa vixencia extenderase dende a sinatura do mesmo ata un máximo de 3 meses mais posteriores a finalización do Campionato do Mundo.

Setima: A Fundación Vigo Deporte presentará no prazo de tres meses seguintes a conclusión do campionato unha memoria para a xustificación das actividades realizadas. O órgano instructor poderá solicitar, de ser o caso maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa actividade obxecto deste convenio. O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, poderá de ser o caso comprobar o correcto desenvolvemento do programa de actuación.

O Técnico responsable da Concellería de Deportes, encargado do seguimento do presente convenio, certificará a adecuada xustificación do presente convenio mediante a emisión dun informe no que se poña de manifesto de forma expresa o cumprimento total do obxecto do convenio, ou aquelas circunstancias que imposibiliten a xustificación do mesmo.

Oitava: A Fundación VIDE, no prazo de 3 meses a contar desde o remate do Campionato do Mundo de Hoquei a Patins 2009 deberá xustificar a aplicación dos fondos recibidos para a organización e desenvolvemento do campionato do mundo. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade obxecto deste convenio.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- Facturas orixinais que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que este exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente o obxecto do presente convenio.
- Atendendo a especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, doacións, gastos de desprazamento

de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións ou póla propia Fundación VIDE que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da aplicación así como si o importe do xustificante imputase total o parcialmente á esta xustificación, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

Novena: O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio poder ser denunciada polas partes, sendo facultada a comisión de seguimento para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio. Esta comisión de seguimento estará formada por unha persoa nomeada por cada unha das partes. A sinatura do presente convenio non é incompatible con calquer outro que asine VIDE en base a potenciación do actual proxecto.

Así de conformidade con canto antecede e no exercicio das facultades de que son titulares cada un dos firmantes, subscriben este Convenio por triplicado na data que encabeza o convenio..

ANEXO I:

CONDICIÓN DE ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO DO MUNDO DE HOQUEI A PATINS 2009. RFEP.

1.-Que a R.F.E.P concedeu ao CONCELLO DE VIGO a organización da competición denominada "CAMPIONATO DO MUNDO DE HOCKEY SOBRE PATINES 2009", a celebrar en datas a consensuar en 2009 en VIGO, de acordo coas especificacións contidas no presente documento:

2.- O CONCELLO DE VIGO comprométese a organizar a competición denominada "CAMPIONATO DO MUNDO DE HOCKEY SOBRE PATINES 2009", que se celebrará en VIGO, entre o 3 e o 11 de xullo de 2009 e non poderá ceder en todo ou en parte a terceiros.

3.- Comites:

O Comité Organizador estará presidido polo Presidente da RFEP. Formarán parte deste Comité, o Consello Superior de Deportes, Xunta de Galicia, Concello de VIGO, un membro executivo da Real Federación Española de Patinaxe e a Federación Galega de Patinaxe. Calquera membro adicional que debe estar no Comité Organizador deberá ser acordado entre RFEP e Concello de VIGO.

A Comisión Executiva é un órgano que actúa por delegación do Comité Organizador, e del depende a realización práctica do Campionato. Presidiraa o Concello de VIGO e formarana os membros responsables de cada área de organización do Campionato, ademais dun membro da RFEP, todos eles aceptados polas dúas partes.

A comisión executiva creará os órganos dependentes para a creación do campionato en todos os seus ámbitos.

4.- O Canon de Organización do Campionato será de 240.000,00 € (douscentos corenta mil euros). A cantidade sinalada como canon de organización será abonada contra factura e en dous prazos a RFEP. Un primeiro pago de 120.000,00 €. a 1 de abril de 2009 e un segundo prazo de 120.000,00 €, a 1 de xullo de 2009.

I.- A organización poñerá a disposición do Comité Internacional de Rink Hockey, en diante CIRH, un local de traballo situado dentro do pabellón, con fotocopiadora, liña telefónica e ordenador con acceso a Internet.

II.-- A organización poñerá a disposición da Real Federación Española de Patinaxe, un local de traballo situado dentro do pabellón, con fotocopiadora, liña telefónica e ordenadores con acceso a Internet.

III.- Desprazamento e aloxamento de catro membros de FIRS. O aloxamento será en hoteis de 4 estrelas en réxime de Pensión Completa (incluído o auga e viño nas comidas) sen extras, en habitacións individuais. O aloxamento será preferible nun hotel onde non estea ningún equipo participante.

III.- Desprazamento e aloxamento de seis membros do CIRH e do seu Presidente, total 7 persoas. O aloxamento será en hoteis de 4 estrelas en réxime de Pensión Completa (incluído o auga e viño nas comidas) sen extras, en habitacións individuais. O aloxamento será preferible nun hotel onde non estea ningún equipo participante.

IV.- Desprazamento e o aloxamento dun máximo de 3 árbitros nacionais. O aloxamento será en hoteis de 3 ou 4 estrelas en réxime de Pensión Completa (incluído o auga e viño nas comidas) sen extras, en habitacións dobres. O aloxamento será preferible nun hotel onde non estea ningún equipo participante.

V.-- A organización poñerá a disposición do CIRH de dous coches de 7 ou 8 prazas sen chofer, desde o día da chegada do primeiro membro do CIRH, ata un día logo da finalización do Campionato. Igualmente poñerá a disposición da RFEP de tres coches sen chofer, desde o día da chegada do primeiro membro da RFEP, ata un día logo da finalización do Campionato.

VI.-- A organización farase cargo dos gastos de transporte dos membros do CIRH, RFEP, e árbitros das Federacións participantes e equipos participantes, desde o aeroporto internacional máis próximo a VIGO ata VIGO. Igualmente durante o desenvolvemento do Campionato deberá trasladar aos membros de CIRH, RFEP, árbitros e equipos participantes desde o pabellón ata o hotel no que se aloxen e viceversa.

VII.- Correrá a cargo da sé de competición o aloxamento ata un máximo de 10 membros da R.F.E.P desde sete días antes do inicio da competición ata a finalización da mesma. O aloxamento será en hoteis de 3 ou 4 estrelas en réxime de Pensión Completa (incluído o auga e viño nas comidas) sen extras, en habitacións individuais.

VIII.-- Correrá a cargo da sé de competición o aloxamento e alimentación para a Selección Española Absoluta de Hockey Patines desde dez días antes do inicio da competición ata a finalización da mesma. O aloxamento será para un máximo de 18 persoas en hotel de 3 ou 4 estrelas, en réxime de Pensión Completa (incluído o auga e viño nas comidas) sen extras, en 5

habitacións dobres e 8 habitacións individuais, en hotel distinto ao doutras das seleccións participantes.

IX.- O Palacio de Deportes de VIGO e o Palacio de Deportes de PONTEVEDRA, como sedes do Campionato, ubicados dentro do término municipal de VIGO e PONTEVEDRA. As pistas onde se celebre a competición oficial deberán reunir os requisitos técnicos establecidos no Regulamento Internacional do CIRH, ademais de:

- Sala habilitada para efectuar o control antidoping segundo o previsto no Regulamento da Real Federación Española de Patinaje.
- Servizo de megafonía
- 6 vestuarios.
- Sala de Prensa con medios suficientes para a transmisión de datos vía Internet, Fax,?
- Sala VIP con servizo de catering propio Zona acotada para palco de autoridades Sala de reunións
- WIFI
- Marcador electrónico
- Servizo de limpeza
- Bandeiras de todas as nacións participantes.
- Servizos médicos e ambulancias nas pistas.

X.- As localidades serán numeradas na súa totalidade ou se realizará unha venda directa das mesmas cun control de aforo e separación de afeccións. Queda prohibido o acceso ás instalacións aos espectadores que introduzan bebidas alcohólicas, armas, obxectos susceptibles de ser utilizados como tales, bengalas ou similares, ou que estean baixo os efectos de bebidas alcohólicas, estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes ou sustancias análogas.

A prohibición anterior deberá facerse constar nos billetes de entradas e nas taquillas e lugares de acceso á instalación.

Así mesmo, queda expresamente prohibida a expedición de bebidas alcohólicas no interior da instalación, nos términos previstos polas disposicións vigentes en materia de prevención da violencia nos espectáculos deportivos. O Organizador asumirá a responsabilidade fronte a terceiros e en especial fronte á Administración Pública de calquera incumplimento da referida normativa.

Prohíbese así mesmo a introdución e exhibición de pancartas, símbolos, emblemas ou lendas que impliquen de forma directa ou indirecta unha incitación á violencia. Será responsabilidade da sé a súa retirada inmediata.

En calquera cuestión non prevista na presente cláusula estarase ao disposto na lexislación vigente en materia de prevención de violencia nos espectáculos deportivos.

No caso de que por razóns televisivas, ou por un acordo co Concello, a pista de xogo deba ter unha cor uniforme e sen liñas, deberase instalar no chan da pista o pavimento oficial Sport Court.

XI.- Ao obxecto de que os equipos participantes poidan realizar os correspondentes adestramentos facilitarase a cada un deles a utilización da pista de xogo, como mínimo, durante unha hora, o día anterior ao comezo da competición, sempre seguindo as indicacións do CIRH

XII.- A sé comprométese a subscribir unha póliza de seguro de responsabilidade civil polos danos que se produzan por sinistro nas instalacións onde se celebre a competición.

XIII.- Servizo médico composto por ambulancia e médico no recinto deportivo para atender calquera urxencia que puidese ocorrer durante o transcurso da competición.

XIV.- Servizo de voluntariado durante todo o Campionato para asistir a todas a partes implicadas no evento: equipos, directivos, prensa, público.

XV.- Realización dunha Festa Final de Campionato o sábado ao finalizar o evento. A devandita festa invitarase todos os integrantes das seleccións participantes no evento, e demais membros de federacións nacionais e internacionais e organización.

XVI.- A sé será responsable do custo do Control de Dopaxe do evento. FIRS comunicará á RFEP o número de controis de Dopaxe que se teñan que facer durante o Campionato.

A R.F.E.P, cede ao CONCELLO DE VIGO os seguintes dereitos sobre o Campionato:

a) Os dereitos sobre taquillaxe. A RFEP axudará ao ente organizador na venda de entradas a través da web www.fep.es. Á finalización da competición, a RFEP abonará ao Organizador as entradas vendidas por Internet. A este abono restaráselle o custo aplicado pola Entidade Financeira pola venda das entradas en www.fep.es.

A R.F.E.P e o CONCELLO DE VIGO crearán unha Oficina de Xestión na que estarán representadas ambas entidades sobre os seguintes dereitos:

a) Os dereitos de publicidade do Campionato.

b) Stands de venda de produtos.

c) A comercialización de todos aqueles produtos vinculados ao Campionato.

d) Os dereitos de televisión nacional e internacionais. Previamente deberase obter o acordo con FIRS para ter os dereitos de TV Internacionais.

e) A xestión hotelera e de viaxes do evento.

En todos estes puntos necesitarase o acordo previo entre ambas entidades para a forma de xestión de cada un.

A Organización asegurará a difusión, promoción e comunicación pública do evento na cidade mediante as oportunas accións que como mínimo deberán iniciarse con tres semanas de antelación á data prevista para o inicio da venda de localidades e previamente planificadas en colaboración coa R.F.E.P.

Correrán a cargo da organización os gastos que se ocasionen con motivo da difusión, promoción e comunicación pública do evento. Os impresos serán tales como promoción e como programas, localidades, rótulos, carteis, MUIs, banderolas, vallas, credenciais de persoal e vehículos, parking, paneles publicitarios, etc., anunciadores ou de promoción do evento, tanto no interior como no exterior do pabellón e na cidade sé do mesmo, deberán ser mostrados previamente á R.F.E.P. En todos eles deberá figurar o título oficial "CAMPIONATO DO MUNDO DE HOCKEY SOBRE PATINES VIGO 2009", No pabellón e lugares onde se anuncie ou mencione o evento deberá figurar,

en lugar preferente e ben visible, o logo da R.F.E.P e o dos sponsors, se os houberse. En todos os elementos promocionais do evento deberá de figurar a RFEP e o CIRH.

Deberase realizar unha páxina web do evento integrada xunto á da Real Federación Española de Patinaxe que cubra todas as noticias, resultados.

A promoción tamén asegurará unha Cerimonia Inaugural do Mundial que será presentada á RFEP con dous meses de antelación ao comezo do Campionato. De Igual forma realizarase unha festa final do Campionato na que estarán todas as nacións e autoridades presentes no Mundial.

DEBERANSE realizar Actos Protocolarios durante o Campionato coa recepción das principais autoridades dos países presentes.

O CONCELLO DE VIGO tramitará e expedirá todas as clases de credenciais (medios de comunicación, organización, invitados, participantes, etc), que serán as únicas válidas para circular polo Pabellón. O CONCELLO DE VIGO xunto á RFEP resérvase o dereito de tramitar as credenciais que estime oportunas, en colaboración e uniformemente ás tramitadas pola R.F.E.P.

A R.F.E.P, declara anulados a totalidade dos seus pases federativos de acceso ao Campionato, fóra diso os membros da Xunta Directiva, entregándolle a sé organizadora 50 invitacións por sesión sen cargo algún. En ningún caso estas invitacións poderán ser comercializadas.

O CIRH suministrará os trofeos e medallas para os finalistas que serán a cargo da sé organizadora.

O CONCELLO DE VIGO ubicará aos medios de comunicación acreditados nunha zona reservada dos palacios de deportes onde se reserve o evento. Na zona reservada aos medios de comunicación deberanse instalar as máximas comodidades para poder desenvolver o seu labor.

O Equipo organizador se responsabilizará do cumprimento da lexislación vigente en materia de espectáculos e de forma especial das medidas anti-violencia.

Para ese efecto constituirase unha Comisión integrada por un representante da autoridade policial competente, un representante da sé organizadora e un representante da R.F.E.P.

Será imprescindible a presenza da forza pública, así como suficientes axentes de seguridade probada en número adecuado á importancia do acontecemento e ao público asistente A R.F.E.P. e CONCELLO DE VIGO, responderán única e exclusivamente das obrigacións que a título individual cada unha de devanditas entidades contraia con terceiros.

Anexo II

Orzamento provisional:

1.- Propuesta de gastos:

1 - Viajes		
1.1.-	Directivos FIRS	4.200,00 €
1.2.-	Directivos CIRH	4.000,00 €
1.3.-	Árbitros	1.800,00 €
1.4.-	Viajes presentación mundial	4.000,00 €
		14.000,00 €

2 - Alojamiento		
2.1.-	Alojamiento selección Española	54.000,00 €
2.2.-	Alojamiento directivos FEP	30.000,00 €
2.3.-	Alojamiento directivos FIRS	7.200,00 €
2.4.-	Alojamiento directivos CIRS	12.600,00 €
2.5.-	Alojamiento árbitros	5.400,00 €
		109.200,00 €
3 - Administración		
3.1.-	Alquiler local	12.000,00 €
3.2.-	Equipos informáticos	6.000,00 €
3.3.-	Material de oficina	3.000,00 €
3.4.-	Gastos de oficina	1.200,00 €
3.5.-	Comunicaciones	1.200,00 €
		23.400,00 €
4 - Personal		
4.1.-	Secretaria	12.000,00 €
4.2.-	Gerente	30.000,00 €
4.3.-	Jefe de prensa	12.000,00 €
4.4.-	Azafatas	10.000,00 €
		64.000,00 €
5 - Publicidad		
5.1.-	Carteleria	12.000,00 €
5.2.-	Soportes publicitarios	20.000,00 €
5.3.-	Promoción campeonato Nacional-Inter	40.000,00 €
		72.000,00 €
6 - Infraestructura		
6.1.-	Pista de juego	18.000,00 €
6.2.-	Bandas de juego	22.000,00 €
6.3.-	Montaje Pista principal IFEVI	
	Graderio	50.000,00 €
	Vestuarios	18.000,00 €
	"Village - promocional Torneo"	15.000,00 €
6.4.-	Transporte	
6.4.1.-	Autobuses	32.000,00 €
6.4.2.-	Coches	12.000,00 €
		167.000,00 €
7 - Canon de organización FEP		
	RFEP	240.000,00 €
8 - Actos paralelos		
8.1.-	Torneo categorías inferiores (20 equipos)	
8.2.-	Transporte	3.000,00 €

8.3.-	Estancia	24.000,00 €
8.4.-	Uniformes	2.400,00 €
8.5.-	Trofeos	2.000,00 €
		31.400,00 €
9 - Promoción		
9.1.-	Diseño imagen corporativa	9.000,00 €
9.2.-	Concurso fotografía	2.000,00 €
9.3.-	Concurso cartel	2.000,00 €
9.4.-	Carrera promoción	2.000,00 €
9.5.-	Promoción específica Mundial 2009	30.000,00 €
9.6.-	Diseño página WEB	18.000,00 €
9.7.-	Carpas	10.000,00 €
9.8.-	Producción TV	
9.8.1.-	Derechos internacionales de TV	24.000,00 €
9.9.-	Merchandising	30.000,00 €
		127.000,00 €
0 - Varios		
10.1.-	Trofeos	6.000,00 €
10.2.-	Invitaciones institucionales	6.000,00 €
10.3.-	Asistencia sanitaria	6.000,00 €
10.3.1.-	Control anti-doping	2.000,00 €
10.4.-	Voluntariado y seguridad	16.000,00 €
10.5.-	Servicios informaticos (acred, estad., etc)	20.000,00 €
10.6.-	Fiesta clausura	24.000,00 €
10.7.-	Seguros y otros	12.000,00 €
10.8.-	Ceremonia Inaugural	54.000,00 €
10.9.-	Limpieza	6.000,00 €
		152.000,00 €
Total		1.000.000,00 €

2.- Propuesta de Ingresos:

Ingresos		
1 - Publicidad		70.000,00 €
1.2.-	Publicidad Dinamica instalaciones	
1.3.-	Publicidad WEB	
2 - Patrocinios		190.000,00 €
2.1.-	Patrocinador Principal	
2.2.-	Patrocinadores	
2.3.-	Otros	
3.- Ingresos Taquilla.	Ventas entradas y abonos	50.000,00 €
4 - Dereitos de TV		80.000,00 €

5 - Merchandising		10.000,00 €
6 - Institucións		600.000,00 €
6.1.-	Xunta de Galicia	
6.2.-	Concello de Vigo	
6.3.-	Concello de Pontevedra	
6.4.-	Consejo Superior de Deportes	
6.5.-	Otras administracións	
Total		1.000.000,00 €

33(482).- DIRECCIÓN DE OBRA PARA A EXECUCIÓN DOS TRABALLOS DE “OBRAS DE ADAPTACIÓN DE LOCAIS PARA BIBLIOTECA NA RÚA MARTÍNEZ GARRIDO”. EXPTE. 11544/331.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 3.04.09, conformado polo concelleiro-delegado do Área de Cultura e Animación Sociocultural, que di o seguinte:

Con data 18 de marzo de 2009 a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar definitivamente a Oreo Empresa Constructora a execución das obras de adaptación de locais para biblioteca na rúa Martínez Garrido por un prezo total de 420.791,20 € IVE incluído. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 21 de xaneiro de 2009 e a oferta presentada.

Sendo preciso nomear un director dos traballo e tendo en conta a non dispoñibilidade de medios propios que fagan posible a realización do seguimento da execución dos traballos, propónse nomear aos arquitectos D. José Carlos Rodríguez Otero e D. Manuel Cuquejo González, para desenvolver a dirección facultativa desta obra e dirección de execución de obra respectivamente.

Visto o informe anterior, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Nomear a D. José Carlos Rodríguez Otero e D. Manuel Cuquejo González, para desenvolver a dirección facultativa desta obra e dirección de execución de obra respectivamente.

2.- Nomear a D. Juan Luís Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, arquitectos municipais da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, para desenvolver a labor de coordinación e supervisión técnica da “obra de adaptación de locais para biblioteca na rúa Martínez Garrido”.

3.- Nomear a D. Juan Francisco Castro Pérez para desenvolver o informe do plan de seguridade e saúde na fase de execución de obra.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(483).- NOMEAMENTO DO COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE, DO COORDINADOR XERAL DO PROXECTO E DA SUPERVISIÓN TÉCNICA MUNICIPAL DAS OBRAS DE REVALORIZACIÓN E MUSEALIZACIÓN DOS RESTOS ARQUEOLÓXICOS DO CASTRO. EXPTE. 4896/307.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 2.04.09, conformado pola delegada da Área de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 18 de marzo de 2009, aprobou a adxudicación definitiva a CONSTRUCCIONES A. VARELA VILLAMOR, S.L. (CIF B-36150738) das obras de revalorización e musealización dos restos arqueolóxicos do Castro de Vigo (expte 4755-307) por un prezo total de 1.080.499,13 euros IVE incluído, con cargo ao Fondo Estatal de Inversión Local.

O apartado 23 do Prego de cláusulas administrativas particulares destas obras sinala que, polas singularidades do proxecto, o Coordinador Xeral do mesmo será nomeado polo Concello. Igualmente, dito Coordinador poderá designar os axudantes que estime oportunos.

Así, e segundo informe da arqueóloga municipal, propónse o nomeamento de Matilde González Méndez, como Coordinadora Xeral do proxecto de revalorización e musealización dos restos arqueolóxicos do Castro de Vigo, e, a proposta de esta coordinadora, propónse como axudantes de coordinación a Eduardo Rodríguez Saiz e Alejandro Martínez García.

En cumprimento da lexislación vixente, tamén é necesario nomear un coordinador de seguridade e saúde, encargado do cumprimento do Plan de Seguridade e Saúde, para o que se propón a Alejandro Martínez García, arquitecto técnico.

Finalmente, debe realizarse o nomeamento da supervisión técnica municipal, para o que se propón aos arquitectos municipais, Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez – Cadarso.

Polo exposto, solicítase desa Xunta de Goberno Local o seguinte:

1.- Nomear a Matilde González Méndez como Coordinadora Xeral do proxecto de revalorización e musealización dos restos arqueolóxicos do Castro de Vigo, e nomear como axudantes de coordinación a Eduardo Rodríguez Saiz e a Alejandro Martínez García, que asumiran as competencias da dirección facultativa.

2.- Nomear a Alejandro Martínez García, arquitecto técnico, como coordinador de seguridade e saúde para as obras de revalorización e musealización dos restos arqueolóxicos do Castro de Vigo.

3.- Nomear aos arquitectos municipais, Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez – Cadarso, como supervisores municipais das obras de revalorización e musealización dos restos arqueolóxicos do Castro de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

35(484).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A ELABORACIÓN DE INICIATIVAS DIRIXIDAS Á DIVULGACIÓN E PROTECCIÓN DO SISTEMA DUNAR DO VAO. EXPTE. 6307/306.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Medio Ambiente, do 2.04.09, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º- Solicitar ao abeiro da orde do 27 de febreiro a concesión dunha subvención para elaborar unha serie de iniciativas dirixidas á divulgación e protección do sistema dunar do Vao. Baixo a denominación “Do concepto global ao efecto local. O complexo dunar do Vao, un pequeno paso para un gran cambio” ampáranse unhas liñas de actuacións encamiñadas a: A) Creación dunha imaxe de difusión de mensaxes que fomenten a protección da duna. B) Desenvolvemento dunha senda interpretativa autoguiada na que se amose e divulgue a evolución deste espazo nos últimos sesenta anos cara a un urbanismo sustentable, o cambio climático e os seus efectos sobre o medio costeiro e a riqueza biolóxica das dunas e areais. C) Execución de visitas guiadas ao sistema dunar do Vao dirixidas a asociacións e colectivos e aos centros educativos co fin de divulgar o coñecemento e conservación deste espazo.

2.- Delegar na concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, Mª Jesús Lago Rey, a representación para subscribir a solicitude.

36(485).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN VIGO E OS SINDICATOS COMARCAIS EN VIGO, UXT, CC.OO E CIG PARA A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS DERIVADOS DAS OBRAS DO FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL. EXPTE. 5807/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 25.03.09, o informe de fiscalización, do 3.04.09, e o informe-proposta do xefe de Servizo de Promoción Económica

e Emprego, de 3.04.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e os Sindicatos Comarcais de U.G.T., CC.OO. e C.I.G., cara a contar cos mecanismos de seguimento do cumprimento das obrigas en materia de prevención de riscos laborais e dos convenios colectivos de aplicación nos traballos derivados das inversións en Vigo derivados do Fondo Estatal de Inversións.

2º.- Eximir aos sindicatos asinantes do convenio da necesidade de constituir garantía respecto do anticipo a conta establecido.

3º.- Facultar ao ao concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá para asinar o citado convenio.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de 79.388,64 €, como contrapartida do estipulado no presente Convenio, con cargo á partida orzamentaria 3220 4700000. de Promoción Económica e Emprego.

ACORDO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO E SINDICATOS COMARCAIS DE VIGO DE U.G.T, CC.OO. E C.I.G. PARA A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS DERIVADOS DAS OBRAS DO FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN

En Vigo, ____ de _____ de dous mil nove

Dunha parte Don Abel Caballero Álvarez Alcalde-Presidente do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo na Praza do Rei núm. 1 de Vigo.

Doutra parte,

D. Olga Alonso Suárez, (DNI 36.042.551-X), secretaria xeral da Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores de Vigo, UGT, con CIF: G-15.383.011,

D. Xosé Cameselle Romero, (DNI 35.985.378), secretario xeral da Unión Comarcal de Comisións Obreiras de Vigo, CCOO, con CIF: G-15.103.112.

D. Xerardo Abraldes Fernández, (DNI 36.040.431), secretario xeral da Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega, CIG, con CIF: G-36.706.927

Todas as partes interveñen coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren e recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente, que din non ter limitada, para o outorgamento do presente convenio, e para o efecto,

EXPOÑEN

O Fondo Estatal de Inversións, é unha medida contra a crise adoitada polo Goberno Central, que dota aos concellos dunha inversión extraordinaria de 8.000 millóns de euros co fin de reactivar a economía e o emprego. O Concello de Vigo ten destinados 52 millóns de euros cos que se espera dar

traballo a unhas 3.660 persoas neste ano 2009 por medio das obras resultantes das 29 adxudicacións nas que se desenvolverán humanizacións de rúas, traballos de subministro de granito ou xardinería, eliminación de barreiras arquitectónicas en edificios municipais, un campo de fútbol de herba sintética, un pavillón deportivo en Navia, a revalorización e musealización dos restos arqueolóxicos do Castro, a adaptación duns locais para a creación dunha biblioteca na rúa Martínez Garrido, as obras de infraestruturas de telecomunicacións no Casco Vello, etc.

Nunca antes se fixeran en Vigo tantas obras simultaneamente o que supón un desafío para esta cidade e un probable incremento dos riscos laborais dos traballadores e traballadoras implicadas, tanto pola magnitude do traballo como polos prazos, xa que as obras teñen que estar rematadas antes de que finalice este ano 2009. Por este motivo, o Concello de Vigo debe facer un esforzo, e marcarse como obxectivo primordial a protección da seguridade e saúde dos traballadores que participarán nestas obras. O Concello de Vigo como garante do cumprimento das normativas de prevención de riscos laborais esixirá o estrito cumprimento da normativa e manterá permanentemente un control e inspección dos traballos para combater os riscos.

Dado que o fin principal da inversión que se fai é a creación de emprego evitarase na medida do posible a realización de horas extras polo persoal que realice estes traballos. Isto beneficiará a seguridade e saúde no traballo, posto que a realización de horas extras prexudica ao traballador no sentido de que ao aumentar o seu cansazo, auméntase a probabilidade de que sufra un dano. Polo tanto, en caso de que os prazos de entrega das obras ou calquera causa obrigue a aumentar o tempo de traballo ao longo da xornada, farase outra quenda coa contratación de máis persoal se é necesario. En caso de que a presenza dalgún traballador sexa imprescindible máis aló das 8 horas de xornada laboral normal, a empresa deberá solicitalo por escrito a Comisión de Seguimento, xustificando esta necesidade, e será a Comisión de Seguimento a que deberá dar o conforme á realización das horas extras.

Pois ben, á finalidade de contribuir a garantir a seguridade e saúde dos traballadores na execución das devanditas obras preséntase como moi convinte para o Concello de Vigo a conclusión dun convenio de colaboración cos sindicatos máis representativos da comarca (U.G.T., C.I.G. e C.C.O.O.) a través do cal se articule un mecanismo de colaboración para o seguimento do cumprimento das obrigas en materia de prevención de riscos laborais e dos convenios colectivos de aplicación nos traballos de execución das inversións en Vigo derivados do Fondo Estatal de Inversións. E a tal fin as entidades intervintes proceden á formalización do presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLAÚSULAS

Primeira.- Obxecto.

O obxecto deste convenio é articular a colaboración entre o Concello de Vigo e os sindicatos comarcais C.C.O.O., U.G.T. e C.I.G para implantar un sistema de seguimento do cumprimento das obrigas en materia de prevención de riscos laborais e dos convenios colectivos de aplicación para as obras contratadas polo Concello de Vigo con cargo ao Fondo Estatal de Inversión Local, ao longo deste ano 2009, complementario ao da execución das respectivas obras, co obxecto contribuír á garantir o cumprimento real e eficaz da normativa de aplicación.

Mediante esta actuación conxunta do Concello de Vigo, C.C.O.O., U.G.T. , C.I.G., e todas e cada unha das Empresas partícipes nestas obras, acádase a integración e implantación dun potente sistema preventivo que asegure o cumprimento real e eficaz da normativa de aplicación vixente en materia de prevención de riscos laborais, que, consecuentemente e na medida do posible, elimine

e/ou minimize os riscos aos que os traballadores e traballadoras están expostos na realización da súa actividade laboral.

Segunda.- *Ámbito territorial.*

O ámbito de desenvolvemento das actividades do presente convenio, é o termo municipal de Vigo.

Terceira.- *Ámbito temporal.*

A vixencia do convenio iniciárase á data da súa sinatura e rematará o 31 de decembro do ano 2009.

Cuarta.- *Compromisos das organizacións sindicais.*

En cumprimento do presente convenio de colaboración as organizacións sindicais asinantes do mesmo comprométense a:

1º.- Poñer a súa organización a disposición da finalidade obxecto deste convenio, en particular os seus gabinetes de saúde e seguridade laboral e a súa organización administrativa.

2º.- No seu caso, elaborar ou participar na elaboración de estudos de seguridade e saúde laboral, como garantía dunha maior calidade dos plans de seguridade e saúde laboral. Tanto os estudos de seguridade e saúde laboral como os plans de seguridade e saúde laboral elaboraranse baixo os criterios de realismo, coherencia coa obra a executar, complitude, rigurosidade na súa valoración económica, sen que se admitan como custes de prevención os esixidos para a correcta execución dos traballos e, especialmente, baixo o criterio básico recollido na Lei de Prevención de Riscos Laborais de antepoñer o uso de protección colectivas ás individuais, con prohibición da iniciación de calquera traballo que requira protección colectiva ata que non estea esta montada por completo, con estricte especificación das condicións dos medios materiais de protección, as súas calidades e a súa utilización.

3º.- A presentar un programa de actuacións de prevención de riscos laborais e de seguimento do cumprimento dos correspondentes plans de seguridade e saúde das distintas obras, no que destacará a formación dos traballadores, dos responsables de obra e técnicos de execución, mandos intermedios, directivos, e delegados de prevención respecto dos que celarase por que dispoñan da formación indicada no convenio da construción, co programa e duración que nel se recolle; o seguimento da subcontratación e do cumprimento da Lei 32/2006, de 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector público, coa esixencia, en tales casos, do libro de subcontratación, así como a vixianza do cumprimento do convenio de aplicación en materia de salarios, que pode resultar ameazada pola competencia nos concursos.

4º.- A organizar, xestionar e executar o dito programa e a incorporar para a execución do mesmo de tres técnicos superiores en prevención de riscos laborais (a partir de agora técnicos de prevención en obra), un por cada sindicato asinante deste acordo, polo período de duración das obras, que, en materia de prevención de riscos, que colaborarán cos coordinadores de seguridade e saúde das distintas obras promovidas polo Concello como consecuencia da inversións realizadas na nosa cidade.

Os coordinadores de seguridade e saúde terán as obrigacións que lle asigna o RD 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de

construción (artigo 9), e elaborarán un informe mensual para a Comisión de Seguimento do estado da obra e incidencias, no seu caso. Os técnicos de PRL terán como funcións:

1) Colaborar co coordinador de seguridade e saúde no traballo en canto a:

a) Revisión e control da documentación presentada por cada contratista e subcontratista (certificado de inscrición no REA das empresas que participan na obra, plan de seguridade, formación adecuada ás funcións do posto e aptitude para o posto dos traballadores que participen na obra, nomeamento dos traballadores designados e formación dos mesmos...)

b) Controis das condicións de traballo a pé de obra, comprobando que o recollido nos plans de seguridade ten o seu reflexo na realidade (equipos de traballo adecuados e conformes á lexislación, entorno de traballo adecuado, coordinación das actividades das posibles empresas que concorran no centro de traballo...), e que se dispón de libro de incidencias, libro de subcontratación, libro de ordes.

2) Propoñer a paralización da totalidade ou parte da obra en caso de risco grave ou inminente.

3) Ser informados dos accidentes de traballo que se produzan e realizar a investigación dos mesmos.

4) Ter acceso ao Libro de Incidencias da obra, podendo anotar no mesmo os incumprimentos detectados en materia de seguridade e saúde laboral, que serán comunicados ao coordinador da obra, ao contratista, aos representantes dos traballadores de este, ao Servizo de Prevención do Concello de Vigo, e tal e como recolle o RD 1627/1997 de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, no prazo de 24 horas unha copia será remitida a Inspección de Traballo e Seguridade Social.

5) Acompañar á Autoridade Laboral, a requirimento de esta, durante as visitas que realicen ás obras.

6) Realizar informes mensuais para a Comisión de Seguimento sobre as condicións en materia de prevención de riscos laborais do estado da obra.

Os incumprimentos en materia de seguridade e saúde laboral detectados tanto polos coordinadores de seguridade e saúde como polos técnicos en prevención de riscos laborais darán lugar, previo o correspondiente expediente, á imposición aos responsables, por parte do Concello de Vigo, das penalidades administrativas previstas na Lei de Contratos do Sector Público e no prego de cláusulas administrativas particulares, sen prexuízo das que procedan na orde laboral.

5º.- Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade dos/as traballadores/as.

6º.- Asumir as responsabilidades que se deriven da realización da actividade obxecto deste convenio de colaboración e en particular da contratación laboral do persoal que se adscriba a estas.

7º.- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

8º.- Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento puidesen realizar os técnicos do Concello. Está obrigada, igualmente, a facilitar canta información e documentación se lles solicite.

9º.- Comunicarlle ao Concello a obtención de outros recursos para o financiamento das actividades a cuxa realización se compromete tanto procedan de entidades públicas como privadas.

Quinta.- Dereitos e obrigas xerais do Concello de Vigo.

1º.- O Concello de Vigo poderá solicitar e obter toda a información e documentación que considere necesaria a fin de determinar o cumprimento parte das organizacións sindicais das accións convidadas

2º.- Corresponde o Concello de Vigo determinar, á vista da información e documentación pertinente, a correcta execución e cumprimento dos obxectivos marcados e a liquidación das contías establecidas en concepto de axudas económicas derivadas da súa execución.

3º.- Igualmente corresponde ao Concello de Vigo a prerrogativa de interpretar o presente Convenio, modificalo, resolvelo, vixiar polo seu cumprimento e ditar instrucións de obrigada observancia para a súa mellor execución.

4º.- O Concello de Vigo, con cargo ao vixente orzamento da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, realizara unha achega de 79.388,64 € (setenta e nove mil trescentos oitenta e oito euros con sesenta e catro céntimos), para repartir por terceiras e iguais partes (26.462,88 €), entre as devanditas unións comarcais dos sindicatos UGT, CIG, CCOO, con cargo á partida 3220.4700000, que lles permita facer fronte aos gastos correntes derivados de:

11. Contratación dun/dunha técnico de Prevención de riscos laborais por cada unha das organizacións asinantes do convenio.
12. Adquisición de medios de seguridade necesario para os/as técnicos contratados.
13. Adquisición de consumibles informáticos e material de oficina para o desenvolvemento das accións de prevención.

O pago realizarase mediante transferencias bancarias ás seguintes contas correntes:

UXT: código entidade: 2080 código oficina: 021739 núm. cta. 0040001256.

CIG: código entidade: 2080 código oficina: 012773 núm. cta. 0040000194.

CCOO: código entidade: 2080 código oficina: 004067 núm. Cta. 0040011889.

Para facilitar a xestión do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición das entidades interesadas, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.

Sexta.- Supervisión, seguimento e avaliación.

Crearase unha Comisión de Seguimento con funcións de órgano superior de actuación, vixilancia e seguimento deste convenio en todos os seus aspectos.

Para a supervisión do convenio e o establecemento de criterios de actuación no previstos no convenio crearase unha comisión de seguimento, presidida polo Alcalde ou concelleiro/a en quen delegue, un/unha técnico do Servizo de Prevención do Concello e un técnico do servizo de Promoción Económica e Emprego, dous representantes de cada sindicato (C.C.O.O., U.G.T. e

C.I.G.), e dous representantes da Administración Laboral. Os técnicos de prevención en obra asistirán ás reunións da Comisión de Seguimento con voz pero sen voto.

A comisión de seguemento terá tamén as seguintes funcións:

- Coñecer a situación en materia de prevención de riscos laborais nas obras que se leven a cabo en Vigo derivadas da inversión do Fondo Estatal de Inversións.
- Coñecer a evolución da sinistralidade.
- Propoñer medidas de mellora en materia de prevención de riscos laborais.
- Recibir a información sobre o control exercido polos coordinadores de seguridade e os técnicos de prevención en obra (informes mensuais).
- Avaliar as solicitudes de realización de horas extras por parte das empresas que desenvolven as obras.

A Comisión de Seguimento reunirse cada mes, ou con carácter de urxencia si o solicita algunha das partes.

Os seus acordos adoptaranse por consenso e obrigarán ás partes.

Sétima.- Recursos e sistemas de comunicación, información e publicidade.

A difusión da actividade obxecto deste convenio correspóndelle a cada organización sindical. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

- A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
- En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello, e as respectivas seccións sindicais, nas mesmas condicións e tamaños, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
